



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

PLAN GALEGO DE ESTADÍSTICA 2007-2011 Informe de avaliación

Elaborado polo Instituto Galego de Estatística,
informado polo Consello Galego de Estatística e
trasladado ao Parlamento en cumprimento do
artigo 14 da Lei 16/2006, do 27 de decembro, do
PGE 2007-2011.



Avaliación do PGE 2007-2011

Índice

1. Introducción	3
2. Cadros resumo indicadores	7
3. Avaliación dos obxectivos informativos.....	9
3.1. Obxectivos informativos xerais.....	9
3.2. Metas de información	12
4. Avaliación dos obxectivos organizativos.....	15
5. Avaliación dos obxectivos instrumentais.....	19
6. Avaliación do Plan mediante o seguimento dos Programas anuais.....	23
Anexo 1. Satisfacción da perspectiva de xénero.....	35
Anexo 2. Detalle da satisfacción das metas	39
Anexo 3. Detalle da programación das actividades inventariadas.....	55
Anexo 4. Lei do PGE 2007-2011	59



1. Introducción

Este documento preséntase en cumprimento do artigo 14 a Lei 16/2006, do 27 de decembro, do PGE 2007-2011, no que se encomenda ao IGE elaborar informes de seguimento dos Programas anuais e un final de avaliación do Plan, para a súa consideración polo CGE e traslado ao Parlamento. Trátase de construír indicadores que permitan cuantificar en que grao se acadaron os obxectivos formulados para o quinquenio e de chegar, por acumulación, a valorar o cumprimento do central do artigo 6.

O **obxectivo central do plan** é consolidar o sistema estatístico e conseguirmos un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que responda ás demandas das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns, baixo os criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias aos informantes e garantindo o segredo estatístico. Este obxectivo central particularízase nos:

- **obxectivos informativos** (artigo 7), para establecer a temática á que se ha de referir a información elaborada. Concrétanse nas denominadas **metas de información** (Anexo II), que se satisfán coas **operacións (OE)** e as **outras actividades (AE)** dos Programas anuais (PEA). Determinan que materias se deben abordar desde a organización estatística.
- **obxectivos organizativos** (artigo 8), para usar racionalmente os recursos dispoñibles. Determinan o xeito de organizar a estatística oficial.
- **obxectivos instrumentais** (artigo 9), para asegurar a calidade do sistema estatístico e a súa conexión cos usuarios. Determinan o xeito de desenvolver as actuacións.

O informe segue esta ordenación de obxectivos, desde o xeral ata os formulados para as actividades concretas dos programas, e complétase con tres anexos, dous con máis detalle sobre satisfacción de metas e programación de actividades inventariadas e un sobre **perspectiva de xénero**.

Indicadores para os obxectivos informativos

Trátase de avaliar o cumprimento dos **13 obxectivos informativos** e o grao de satisfacción das **70 metas de información** nas que se concretan. Para isto cómpre medir previamente a execución das actividades programadas anualmente, cuxos resultados han de responder ás necesidades de información expresadas nas metas (informes de seguimento dos PEA).

Para medir o grao de satisfacción dunha meta combínanse dous criterios. O primeiro consiste en comprobar se se difunde información relevante sobre a temática implícita na súa redacción (criterio de satisfacción temática) e o segundo se a información ofertada supón unha contribución neta do noso sistema estatístico, por estar vencellada á execución de operacións propias con proxecto técnico (criterio de satisfacción técnica).

Cómpre recordar a diferenza entre operación (OE) e outra actividade estatística (AE). Na primeira participa algunha administración galega, execútase cun proxecto técnico (PT) aprobado polo CGE e é de difusión obrigatoria. Unha actividade que consista na publicación de resultados elaborados fóra do sistema estatístico de Galicia contribúe á consecución dunha meta segundo o criterio de satisfacción temática, pero non se considera cando se mide a satisfacción técnica.

Outro concepto utilizado para medir a satisfacción das metas é o de actividades consolidadas. Trátase do conxunto de OE e AE que se chegaron a executar de xeito normalizado no período de vixencia do plan e que, con esa denominación, se trasladaron ao PGE 2012-2016.

Satisfacción temática das metas de información

Para cada programa as metas clasifícanse nos seguintes apartados de **satisfacción temática**:

- **meta sen información:** cando non se programan operacións nin actividades (OE ou AE) vencelladas á meta ou cando as programadas non achegan información sobre ela (operacións en proxecto, incumprimento do calendario de difusión,...).
- **meta con información parcial:** cando se programan operacións ou actividades (OE ou AE) que achegan información parcial sobre ela.
- **meta con información total:** cando se programan operacións ou actividades (OE ou AE) que achegan información de todos os temas implícitos na súa redacción.

A partir desta información e para cada programa obtense o **índice de satisfacción temática** como porcentaxe de metas con información parcial e total sobre o total.

Para o plan a información consolídase analizando a dispoñible de cada meta de xeito conxunto en todos os programas (anexo 2). O resultado son as seguintes modalidades de satisfacción temática: **meta insatisfeita** (sen información), **meta debilmente satisfeita** (con información parcial) e **meta satisfeita** (con información total).

Cando unha meta queda satisfeita no plan por ter cubertos todos os temas (aínda que fose en programas diferentes) e, ademais, apunta a ela unha actividade consolidada considerarase **meta fortemente satisfeita** na dimensión temática.

Referidos ao plan e para cada área calcúlanse os seguinte indicadores de satisfacción temática:

- **distribución do número de metas segundo a súa satisfacción:** insatisfeitas, debilmente satisfeitas e satisfeitas.
- **número de metas fortemente satisfeitas:** metas satisfeitas e cubertas con algunha OE ou AE consolidada.

Satisfacción técnica das metas de información

Para cada programa as metas clasifícanse nos seguintes apartados de **satisfacción técnica**:

- **meta sen operacións:** baleira ou só con actividades (AE).
- **meta só con operacións novas:** ten asociadas operacións (OE) pero ningunha en curso ou cumprimento. Neste caso a organización estatística estaría á procura, mediante a programación de operacións en proxecto, reestruturación ou implantación, de aumentar no futuro o coñecemento sobre a meta.
- **meta con operacións correntes:** ten asociada alomenos unha operación (OE) en curso ou en cumprimento. O resultado é a oferta de datos con valor engadido (proprios do sistema estatístico) e rigorosidade técnica (proxecto e difusión obrigatoria).

A partir desta información calcúlase para cada programa o **índice de satisfacción técnica** como a porcentaxe de metas con operacións (sexan novas ou correntes) sobre o total.

Para o plan e con respecto a cada meta analízanse as operacións de todos os programas e clasifícanse nas seguintes modalidades de satisfacción técnica: **meta insatisfeita** (sen OE ou con OE que non concluíron en ningún proxecto técnico presentado ao CGE), **meta debilmente satisfeita** (só con OE novas e algún proxecto presentado ao CGE) e **meta satisfeita** (con OE correntes e algún proxecto presentado ao CGE). Nesta terceira modalidade non se clasifican as metas tratadas unicamente nos dous primeiros programas con operacións en curso sen proxecto técnico (posibilidade contemplada na disposición transitoria segunda da Lei do PGE 2007-2011).

Cando unha meta queda satisfeita no plan por estar cuberta nalgún programa cunha OE corrente e consolidada considerarase como **meta fortemente satisfeita** na dimensión técnica. Referidos ao plan e para cada área, calcúlanse indicadores análogos aos de satisfacción temática.

Indicadores para os obxectivos organizativos

Segundo o artigo 8 da Lei do PGE 2007-2011 son os orientados a conseguirmos un uso máis racional dos recursos e da información dispoñibles polas administracións públicas:

- a) **Consolidar a organización estatística** para garantir o dereito de acceso dos cidadáns á información, o **rigor e a corrección técnica**, a difusión de resultados, o segredo estatístico e a seguridade no almacenamento e transmisión da información.
- b) **Potenciar a colaboración institucional** para impulsar, intercambiar e aplicar coñecementos e prácticas.
- c) **Fomentar o uso eficiente dos rexistros** das administracións públicas.

Para avaliar estes obxectivos se utilizan indicadores relacionados coas seguintes dimensións:

- consolidación da organización estatística
- rigor e corrección técnica das operacións realizadas
- uso máis eficiente dos rexistros das administracións públicas

Consolidación da organización estatística

A Lei 9/1988 establece que forman parte da organización estatística:

- a) O Instituto Galego de Estatística (IGE)
- b) Os órganos estatísticos sectoriais (OES)
- c) O Consello Galego de Estatística (CGE)

O IGE e o CGE estaban en funcionamento ao comezo do plan, polo que a avaliación se centrará nos OES a través dos seguintes indicadores:

- **número OES**: total de órganos designados ao comezo do programa.
- **porcentaxe de actividades realizadas por OES**: peso das OE e AE realizadas polos órganos estatísticos dos departamentos sobre o total das programadas.

Rigor e corrección técnica

Segundo o Plan cada operación programada, agás se está en proxecto ou reestruturación, terá proxecto técnico (PT). Na súa elaboración está implicada toda a organización estatística: é redactado polo departamento responsable, informado polo IGE e aprobado polo CGE. Para analizar como se ten progresado nesta dimensión se seguirá a evolución das operacións programadas segundo estado (proxecto, reestruturación, implantación, curso ou cumprimento) e a madurez dos PT, que poden estar redactados pero en revisión (proxectos en estudo) ou xa informados (proxectos rematados). Os indicadores calculados por programa e departamento son:

- **adecuación técnica global**: porcentaxe de operacións con proxecto **rematado** ao final do ano sobre o total das programadas.
- **adecuación técnica das OENovas**: porcentaxe de operacións novas (en proxecto, reestruturación ou implantación) con proxecto **rematado** ao final do ano sobre o total de novas programadas.
- **cobertura das OECorrentes**: porcentaxe de operacións correntes (en curso ou cumprimento) con proxecto **entregado** (en estudo ou rematado) sobre o total de correntes programadas.

Uso máis eficiente dos rexistros das administracións públicas

Neste apartado agrúpanse as actividades a partir dun criterio utilizado na confección do Inventario e relacionado coas categorías establecida na Anexo III da Lei do Plan: censo, enquisa por mostraxe, toma directa de datos, explotación de rexistros administrativos e operación de síntese (sistemas de indicadores, números índices, contas e proxeccións). Así, a partir do Inventario de operacións e actividades estatísticas podemos distinguir entre:

- **operación de síntese**, representativa das complexas que se executan aproveitando datos xa dispoñibles e sen incrementar a carga de resposta dos informantes.

- **operación de aproveitamento**, representativa doutras máis sinxelas que se realizan mediante a explotación estatística de información administrativa e sen incrementar a carga de resposta dos informantes.

Fóra destes dous apartados quedarían actividades como os censos ou as enquisas por mostraxe nas que se utiliza recollida directa de información con fins exclusivamente estatísticos.

Os indicadores refírense ao conxunto de operacións consolidadas que constitúen o Inventario inicial do PGE 2012-2016 (Anexo 3 da Lei 8/2011). Trátase de obter resultados máis doadamente interpretables ao eliminar a influencia das operacións que non se chegaron a consolidar entre o 2007 e o 2011, por non superar a fase de proxecto ou por non chegar á difusión obrigatoria. Empregando estes criterios defínense os seguintes indicadores:

- **porcentaxe de operacións de síntese**, calculado sobre o total de consolidadas.
- **porcentaxe de operacións de aproveitamento**, calculado sobre o total de consolidadas.

Mencionar que, pese a que a Lei do PGE 2007-2011 non obriga á elaboración do **Inventario de actividades estatísticas**, o IGE, valorando á súa necesidade e cumprindo co compromiso contraído co Parlamento, difundiu na web logo de rematar o programa 2007. A importancia do Inventario como instrumento para a programación e o seguimento explica que se introducira na Lei do PGE 2012-2016 como unha obriga da organización estatística.

Indicadores para os obxectivos instrumentais

Entre os obxectivos instrumentais do plan figuran:

- Difundir as operacións en curso de acordo cun calendario prefixado para reforzar a transparencia e a puntualidade.
- Divulgar axeitadamente a información estatística oficial que teña como referencia Galicia.

Calendario

Os resultados recóllense nos informes de seguimento dos programas anuais. Para cada programa e consellería temos un indicador de calendario referido ás operacións en curso e cumprimento con difusión prevista, que toma o valor 100 cando se axusta ao establecido no correspondente decreto.

2. Cadros resumo indicadores

Metas total ou parcialmente satisfeitas

	Total metas	Satisfeitas temáticamente		Satisfeitas tecnicamente	
	Nº	Nº	%	Nº	%
área 1	10	8	80,0	8	80,0
área 2	27	26	96,3	24	88,9
área 3	29	26	89,7	25	86,2
área 4	4	4	100,0	4	100,0
Total	70	64	91,4	61	87,1

Metas insatisfeitas nunha das dúas dimensións

- 1.1.1 Territorio e oferta e demanda do solo. Temática
- 1.2.5 Indicadores ambientais. Técnica
- 2.2.2 Prestación farmacéutica. Técnica
- 2.7.2 Demanda e gasto. Vivendas protexidas e prezos da vivenda. Técnica
- 3.1.6 Produción ecolóxica e de calidade. Técnica
- 3.5.1 Comercio interior e transporte de mercadorías. Temática
- 3.6.4 Seguimento e avaliación de plans de actuación. Técnica

Metas baleiras ou dobremente insatisfeitas

- 1.2.4 Infraccións e impacto ambiental
- 2.6.2 Produción e oferta cultural
- 3.3.2 Caracterización do subsector mineiro
- 3.6.3 Administración universitaria. Recursos e gasto público

Operacións consolidadas susceptibles de desagregación por xénero

	Nº operacións	Con difusión por xénero		
		Nº	%	cobertura media
área 1	0	-	-	-
área 2	20	18	90,0	73,0
área 3	1	0	0,0	0,0
área 4	1	0	0,0	0,0
Total	22	18	81,8	66,4

Operacións e actividades programadas por departamento

	PEA 2007			PEA 2008			PEA 2009			PEA 2010			PEA 2011		
	OE	AE	Total	OE	AE	Total	OE	AE	Total	OE	AE	Total	OE	AE	Total
Presidencia da Xunta	3	4	7	3	6	9	4	5	9	4	3	7	5	3	8
Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	2	0	2	3	0	3	2	1	3	1	1	2	1	1	2
Consellería de Facenda	5	2	7	6	2	8	6	2	8	5	1	6	5	1	6
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	11	0	11	13	0	13	9	1	10	6	1	7	7	1	8
Consellería de Economía e Industria	7	1	8	6	0	6	5	1	6	5	1	6	4	1	5
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	10	0	10	10	0	10	9	0	9	8	0	8	4	0	4
Consellería de Sanidade	17	0	17	18	1	19	17	0	17	15	0	15	14	0	14
Consellería de Cultura e Turismo	12	0	12	12	0	12	9	0	9	7	0	7	7	0	7
Consellería de Traballo e Benestar	26	3	29	26	3	29	24	4	28	22	4	26	21	4	25
Consellería do Medio Rural	21	1	22	17	2	19	22	2	24	22	2	24	19	2	21
Consellería do Mar	4	1	5	5	1	6	5	1	6	4	1	5	5	1	6
Instituto Galego de Estatística	29	28	57	29	25	54	23	28	51	21	25	46	27	22	49
Total	140	38	178	145	37	182	133	43	176	118	38	156	117	35	152

Indicadores de seguimento por programa e departamento

Grao de execución das operacións (OE) e actividades (AE) en %	PEA2007	PEA 2008	PEA 2009	PEA 2010	PEA 2011
Presidencia da Xunta	59	88	85	98	94
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	65	47	19	0	20
Consellería de Facenda	84	87	74	86	88
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	84	74	61	69	71
Consellería de Economía e Industria	86	81	84	84	78
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	89	75	60	76	63
Consellería de Sanidade	73	73	86	77	70
Consellería de Cultura e Turismo	66	58	67	85	56
Consellería de Traballo e Benestar	91	78	78	81	87
Consellería do Medio Rural	60	79	61	80	63
Consellería do Mar	100	85	84	84	84
Instituto Galego de Estatística	87	88	92	88	95
Total	83	80	78	82	83

Cobertura. Operacións (OE) con proxecto técnico en %	PEA2007	PEA 2008	PEA 2009	PEA 2010	PEA 2011
Presidencia da Xunta	67	100	100	100	100
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	100	67	50	100	100
Consellería de Facenda	20	50	83	100	100
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	82	77	89	100	86
Consellería de Economía e Industria	43	67	80	80	100
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	70	70	78	88	75
Consellería de Sanidade	59	78	88	100	100
Consellería de Cultura e Turismo	58	67	89	100	100
Consellería de Traballo e Benestar	85	81	88	91	91
Consellería do Medio Rural	48	100	100	100	100
Consellería do Mar	100	80	80	100	100
Instituto Galego de Estatística	66	79	96	100	100
Total	66	78	89	97	97

Cumprimento do calendario de difusión en %	PEA2007	PEA 2008	PEA 2009	PEA 2010	PEA 2011
Presidencia da Xunta	-	100	100	50	25
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	-	-	0	-	-
Consellería de Facenda	50	25	33	75	100
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	43	67	45	78	71
Consellería de Economía e Industria	0	0	20	50	13
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	50	30	20	38	33
Consellería de Sanidade	18	22	29	33	82
Consellería de Cultura e Turismo	70	60	60	73	46
Consellería de Traballo e Benestar	38	60	70	81	54
Consellería do Medio Rural	1	4	0	74	17
Consellería do Mar	75	100	100	100	83
Instituto Galego de Estatística	75	62	51	85	96
Total	28	44	43	73	58

3. Avaliación dos obxectivos informativos

Para avaliar o cumprimento dos **13 obxectivos informativos** (artigo 7) e das **70 metas de información** nas que se concretan (Anexo II) compróbase a execución das actividades recollidas nos decretos dos Programas, cuxos resultados han de responder ás necesidades de información expresadas nas metas (informes de seguimento dos PEA).

3.1 Obxectivos informativos xerais

- a) Mellorar e sintetizar a información sobre territorio, recursos naturais e medio ambiente.
- b) Afondar no coñecemento da realidade demográfica e da súa evolución.
- c) Analizar os ámbitos sociais sobre nivel, calidade de vida, accesibilidade á vivenda, saúde, educación e cultura.
- d) Progresar no coñecemento do mercado de traballo e das súas tendencias.
- e) Consolidar o coñecemento da estrutura produtiva.
- f) Ampliar o coñecemento dos sectores produtivos de mercado máis relevantes.
- g) Mellorar a información sobre a administración pública e o sector non lucrativo.
- h) Avanzar no coñecemento das relacións comerciais con outros mercados..
- i) Contribuír ao coñecemento da dinámica das actividades empresariais..
- j) Consolidar e ampliar a información da I+D+i.
- k) Desenvolver indicadores de inserción dos cidadáns e empresas na sociedade da información.
- l) Avanzar ata a consideración do xénero como parte integrante da actividade estatística. As operacións nas que se contemplan datos sobre persoas se recollerán e difundirán por sexo.
- m) Avanzar na desagregación territorial, especialmente nas operacións baseadas en datos administrativos.

Territorio, recursos naturais e medio

Esta área de coñecemento estaba pouco desenvolvida e só se conseguiron algúns avances que deberán dar os seus froitos no Plan 2012-2016. Realizouse unha enquisa en colaboración co INE para coñecer o comportamento das familias en relación co medio, aínda que de xeito esporádico. Finalizado o Plan algunhas operacións consolidáronse coa redacción dos proxectos técnicos, se ben a información ofrecida non se incrementou con respecto aos plans anteriores. Tampouco se avanzou na elaboración de estatísticas de síntese sobre a materia, pois non se fixeron novas operacións desta categoría e os indicadores ambientais acabaron programándose como actividade. Algunhas metas deste obxectivo quedaron valeiras. Nos casos de residuos urbanos e planeamento urbanístico, chegaronse a redactar dous proxectos técnicos.

Constituíuse a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica, onde está presente o Director do IGE, e comezaron a desenvolverse comisións de traballo (Administración local e Enquisa de infraestruturas e equipamentos locais, SIX corporativo, Plan galego de cartografía e enderezos e entidades de poboación).

Afondar na realidade demográfica

Esta temática queda cuberta coas tradicionais operacións do INE sobre Padrón municipal de habitantes, movemento natural da poboación e variacións residenciais. Para Galicia os resultados difúndense cun nivel de desagregación que non utiliza o INE. No período do plan tamén se traballou nas proxeccións a curto prazo para facilitar datos sobre a poboación futura de Galicia cun detalle xeográfico inferior ao provincial e de xeito coordinado coas proxeccións do INE. A operación sobre indicadores demográficos, que xa tiña tradición no IGE, reestruturouse no plan.

Analizar os distintos ámbitos sociais

Este obxectivo é moi extenso, xa que inclúe nivel, calidade e condicións de vida, accesibilidade á vivenda, saúde, educación e cultura. En educación e saúde produciuse algún avance, conservando as estatísticas que se viñan facendo e consolidando e implantando outras sobre sistema universitario, cobertura vacinal ou listas de agarda. Na temática de condicións de vida seguiu a realizar a enquisa aos fogares do IGE (*ECV. Módulo xeral e módulos específicos*) e reestruturouse o *Índice de confianza do consumidor*, para transformalo nunha enquisa conxuntural dirixida aos fogares. No ámbito da cultura experimentouse un retroceso, xa que diminuíron as operacións que se viñan facendo e rematado o plan só se dispuña dunha estatística de bibliotecas sen proxecto técnico.

Progresar no coñecemento do mercado de traballo

Sobre esta materia creáronse novas operacións como as denominadas *Enquisa de demandantes de emprego* (esporádica) e *Datos sobre ocupacións máis contratadas* (anual). Non entanto, outras consolidadas, como o *Informe do paro rexistrado* ou o *Rexistro de contratos*, non chegaron a dispor de proxecto técnico e a de *Formación profesional ocupacional* deixouse de realizar.

Cómpre sinalar a ampliación da mostra da *Enquisa de Poboación Activa*, que se traduciu no aumento da información sobre Galicia con estimacións para os sete grandes concellos. O IGE, mediante a sinatura de dous convenios de colaboración coa administración da Seguridade Social, tamén mellorou a información sobre o mercado de traballo ofertando datos de afiliacións e pensións.

Finalizado o plan non se pode concluír que se progresase de xeito moi importante no coñecemento do mercado de traballo, pois diminuíron as operacións estatísticas e non se deron rematados todos os proxectos técnicos. No programa 2012 estase a completar esta tarefa.

Consolidar o coñecemento da estrutura produtiva

O IGE realizou dúas operacións de contas económicas (contas anuais e trimestrais) e o Marco input-output (MIOGAL). Aproveitando a publicación do MIOGAL2005 tamén se abordou un cambio de base no sistema de contas. Programáronse novas actividades, algunhas para fornecer datos ao sistema de contas (enquisas sobre estrutura produtiva e empresas multilocalizadas) e outras como resultado do propio proceso de elaboración contable e que permitiron complementar a información subministrada. Cómpre salientar a actividade *AE305 Análise do marco input-output*, na que se profundou sobre a estrutura produtiva de Galicia e os seus intercambios externos, entre eles os establecidos co resto de España.

Sectores produtivos importantes

Xunto con sectores que se poden considerar ben estudados (pesca, agricultura, enerxía ou turismo receptivo), hai outros que practicamente non se abordaron (minería, industria ou transporte). Cómpre salientar que nalgún dos que non se avanzou a Comunidade Autónoma ten competencias sobre rexistros de empresas e establecementos, polo que posúe información de base para desenvolver operacións estatísticas cun custe mínimo.

Administracións públicas e sectores non produtivos

A información sobre este ámbito non progresou. Non se desenvolveron novas operacións e reestruturáronse algunhas correntes que estaban relacionadas coa información administrativa. O programa 2012 inclúe as operacións *36-102 Explotación do rexistro de entidades instrumentais do sector pública da CAG* e *25-603 Explotación do rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS)*.

Relacións comerciais, competitividade e expectativas

Neste apartado avanzouse con novas operacións e actividades como os *Índices de competitividade*, os *Intercambios entre Galicia e o resto de España* ou a *Enquisa de confianza empresarial*.

Dinámica económica, financeira e estratéxica das actividades empresariais

Non se chegou a afondar suficientemente na situación competitiva das empresas nin se proporcionou información sobre a súas dinámicas financeira e estratéxica, polo que non se pode dar por satisfeito este obxectivo informativo.

Ciencia e tecnoloxía. Investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación

Aínda que no quinquenio se procurou afondar neste ámbito que, xunto coa sociedade da información, constituía unha área temática do plan, os resultados foron limitados. O sistema estatístico dispón dunha única operación en curso con información sobre certificación das empresas. As outras que se iniciaron non se chegaron a programar en curso (indicadores de I+D+i, produción científica, investigadores e financiamento no sistema universitario, gasto en I+D+i, ou I+D na sanidade).

Sociedade da información

Este obxectivo pódese considerar conseguido con operacións que facilitan datos sobre a sociedade da información en numerosos ámbitos (centros sanitarios, administración, fogares ou empresas).

Xénero

Segundo a Lei do Plan, as operacións sobre persoas físicas débense difundir por sexo. Para analizar o cumprimento deste obxectivo de marcado carácter transversal realízase unha avaliación detallada que se recolle no anexo 1. Na táboa seguinte amósanse algúns resultados das operacións consolidadas.

Indicadores do cumprimento da perspectiva de xénero nas operacións consolidadas

CodArea	OE susceptibles	Segundo o proxecto técnico			Difusión efectiva		
		Núm OE con difusión por sexo	% de OE con difusión por sexo	% da información por sexo	Núm OE con difusión por sexo	% de OE con difusión por sexo	% da información por sexo
2	20	15	75,0	64,5	18	90,0	73,0
3	1	1	100,0	100,0	0	0,0	0,0
4	1	0	0,0	0,0	0	0,0	0,0
Total	22	16	72,7	63,2	18	81,8	66,4

Das 22 operacións consolidadas, 16 recollen no proxecto técnico a difusión por sexo e 18 finalmente publican datos con ese detalle. A diferenza explícanse porque as operacións en cumprimento baséanse en metodoloxías elaborados pola Administración Xeral do Estado, que non sempre contemplan a difusión por xénero (EPA, SIDA,...) e porque outras, que si a prevén, logo non a fan efectiva (Listas de agarda, Inserción laboral dos titulados de formación profesional,...). En termos xerais, o 82% das operacións consolidadas difunden por sexo, polo que se pode concluír que se avanzou axeitadamente neste obxectivo.

Desagregación territorial

Na web do IGE desenvólvese un banco de datos comarcal e municipal no que se difunde información con ampla desagregación territorial e que mesmo se aproveita para ofertar datos que non facilita

directamente a fonte orixinal. A información municipal medrou nalgunhas operacións (Censo de persoas con discapacidade, Economía social,...) e diminuíu noutras (Incendios forestais,...).

3.2 Metas de información

As metas recollidas no anexo III do Plan son xa obxectivos específicos de información a acadar coa programación, execución e difusión de operacións (OE) e outras actividades estatísticas (AE). No proceso de elaboración do anteproxecto do Plan cada meta redactouse coa finalidade de conseguirmos ter cando menos unha operación apuntando a ela ao remate do seu período de vixencia. A idea era que a organización estatística for quen de ofertar valor engadido para cada meta, é dicir, información obtida a partir dunha estatística propia e executada consonte un proxecto técnico aprobado polo CGE.


A satisfacción das metas analízase dende dúas ópticas: a temática, na que se mide se houbo difusión de resultados a partir de calquera tipo de actuación estatística (OE ou AE) e a técnica, onde se estuda se coa meta están asociadas operacións (OE) con proxecto técnico aprobado polo CGE.

Estes criterios non se solapan necesariamente, pois unha OE con proxecto sen difusión contribuirá positivamente na satisfacción técnica e non na temática. No outro extremo, unha AE de mera difusión de resultados aumentará a satisfacción temática pero non achegará nada no tocante á satisfacción técnica.

Os índices de satisfacción, que relacionan en porcentaxe as metas satisfeitas sobre o total das do plan, pódense calcular de dous xeitos:

- Para cada programa.
- Para o conxunto do período e incorporando á análise as 89 actividades (50 OE e 39 AE) que se chegaron a consolidar no PGE 2007-2011. Este grupo de estatísticas constitúe o resultado máis salientable do plan e trasládase ao seguinte co compromiso da seguirmos coa súa execución e difusión normalizadas.


Co primeiro criterio se pode concluír que sempre foi maior a satisfacción técnica que a temática, se




ben os índices tenden a converxer. Isto foi así porque os primeiros programas incluían moitas operacións en proxecto que ao final do plan se deixaron de programar por non evolucionar axeitadamente.

Nos dous últimos programas os índices de satisfacción amosan que entre o 80% e o 85% das metas quedan cubertas con información procedente de operacións (OE) e doutras actividades estatísticas (AE).

Agrupando agora as metas nas catro áreas do plan se pode concluír que os peores resultados corresponden á primeira de territorio, recursos naturais e medio e os mellores á cuarta sobre coñecemento e tecnoloxía.



O resultado do reconto de metas en función dos índices de satisfacción temática amosa que o sistema estatístico non progresou axeitadamente para facer diminuír o número das que xa estaban baleiras de información no 2007. Entre 2007 e 2011 aumentan as metas parcialmente satisfeitas, pero diminúen as satisfeitas.



Os resultados que se tabulan a continuación refírense ao reconto de metas en función dos índices de satisfacción temática, pero calculados agora como unión dos acadados en cada programa e complementados co criterio de considerarmos as 89 actividades consolidadas. Aquí incorpórase a categoría de meta fortemente satisfeita, para clasificarmos a satisfeita por un conxunto de actividades programadas ao que pertence, cando menos, unha consolidada.

Das 70 metas 6 resultaron insatisfeitas (ningún programa ofertou información delas), 25 acadáronse de xeito parcial (difundíronse resultados pero non sobre todas as materia previstas) e 39 foron satisfeitas. Destas 39 metas, 30 considéranse fortemente satisfeitas con operacións ou actividades consolidadas.

Satisfacción temática	Territorio e medio	Poboación e sociedade	Estrutura produtiva	Ciencia e tecnoloxía	Total metas
Metas insatisfeitas					
sen actividades (OE ou AE) ou con actividades sen difusión	2	1	3	0	6
Metas debilmente satisfeitas					
con actividades (OE ou AE) e difusión que cubre algunha das súas materias	5	9	8	3	25
Metas satisfeitas					
con actividades (OE ou AE) e difusión que cubre todas as súas materias	3	17	18	1	39
Total metas	10	27	29	4	70
Metas fortemente satisfeitas					
metas satisfeitas e cubertas ademais con algunha actividade (OE ou AE) consolidada	1	13	15	1	30

Aplicando os criterios de satisfacción técnica, temos 9 metas valeiras, 5 que se abordaron con operacións que non se formalizaron e 56 que se cubriron mediante operacións con proxecto técnico e que se programaron en curso ou cumprimento.

Satisfacción técnica	Territorio e medio	Poboación e sociedade	Estrutura produtiva	Ciencia e tecnoloxía	Total metas
Metas insatisfeitas					
sen operacións (OE)	2	3	4	0	9
Metas debilmente satisfeitas					
con só operacións novas (OE en proxecto, reestruturación ou implantación)	2	0	3	0	5
Metas satisfeitas					
con operacións correntes (OE en curso ou cumprimento)	6	24	22	4	56
Total metas	10	27	29	4	70
Metas fortemente satisfeitas					
metas satisfeitas e cubertas ademais con algunha operación (OE) consolidada	2	18	16	3	39

No anexo 2 detállanse estes resultados para cada meta de información.

4. Avaliación dos obxectivos organizativos

Son os recollidos no artigo 8 da Lei do Plan para conseguirmos o uso máis racional dos recursos e da información dispoñibles:

- Consolidar a organización estatística para garantir o dereito de acceso dos cidadáns á información, o **rigor e a corrección técnica**, a difusión de resultados, o segredo estatístico e a seguridade no almacenamento e transmisión da información.
- Potenciar a colaboración con axentes locais, órganos, entidades e institucións nacionais ou internacionais relacionadas coa estatística, para intercambiar coñecementos e prácticas.
- Fomentar un uso máis eficiente dos rexistros das administracións públicas.

No mesmo artigo sinálase que, para contribuír á consecución destes obxectivos, o IGE poderá solicitar a colaboración do INE e doutras entidades e organizacións autonómicas, estatais, europeas ou internacionais, salientando expresamente o interese de cooperar co norte de Portugal.

Consolidar a organización estatística

Neste apartado intentárase medir de que xeito se está a mellorar a organización do sistema estatístico. Segundo o artigo 37 da Lei 9/1988 de estatística de Galicia, a organización estatística da comunidade está constituída por:

- O Instituto Galego de Estatística (IGE)
- Os órganos estatísticos sectoriais (OES)
- O Consello Galego de Estatística (CGE)

Coa Lei do PGE 2007-2011 quedou establecida a obriga de por en funcionamento os órganos estatísticos dos departamentos nun prazo taxado. O Decreto 24/2008, do 21 febreiro, regula o procedemento para a súa designación. A táboa seguinte recolle os OES designados ao 1 de xaneiro de cada ano, as actividades desenvolvidas por eles e o que representan sobre o total das programadas polos departamentos.

Programa	NúmOES	Núm act OES	Act.OES/ Act.Consell (%)
2007	0	-	-
2008	0	-	-
2009	3	60	46,51
2010	2	30	26,55
2011	9	104	98,11

En xaneiro de 2011 nove departamentos da Xunta, responsables do 98% das actividades estatísticas realizadas fóra do IGE, contaban con esta unidade especializada. Ao remate do Plan quedaron designados os OES de todos os departamentos.

Rigor e corrección técnica

Ao longo do plan aumentaron os proxectos técnicos, pasando de 29 a 75 borradores e proxectos rematados entre 2007 e 2011. A adecuación técnica global defínese como a porcentaxe de OE incluídas no programa con proxecto técnico **rematado** ao final de ano entre o total de OE programadas. Esta porcentaxe na teoría sería igual a 100, xa que as operacións en curso, cumprimento e implantación deberían ter o proxecto rematado antes de comezar o ano (agás as dos programas 2007 e 2008 segundo a disposición transitoria segunda da Lei) e as que figuren en proxecto ou reestruturación ao final de programa (no intre de facer o seu de seguimento). Como se pode

comprobar na táboa seguinte a adecuación técnica global medra desde 2007 e no 2011 acada o 64%, valor aínda moi afastado do 100%.

Programa	Proxectos	Adecuación técnica global %	Adecuación técnica OE novas %	Cobertura OE correntes %
2007	29	20,71	25,00	72,50
2008	58	40,00	29,82	94,32
2009	58	43,61	25,00	96,91
2010	63	53,39	37,93	97,75
2011	75	64,10	50,00	97,80

Dado o volume de proxectos a revisar polo IGE, déuselle prioridade ás operacións novas (en proxecto, reestruturación e implantación), para que puidesen evolucionar a correntes (curso ou cumprimento). A adecuación global das operacións novas tamén crece no período do plan e no PEA 2011 acada o 50%.

A cobertura é outro indicador utilizado que se define como a porcentaxe de operacións correntes (en curso ou cumprimento) con proxecto entregado (en estudo ou rematado) sobre o total de operacións correntes programadas. No 2011 este indicador acadou o 98%.

Potenciar a colaboración

Dentro do período de vixencia do Plan cómpre salientar a colaboración co Observatorio da Cultura Galega (OCG) do Consello da Cultura Galega (CCG), co Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia (OSIMGA) e co Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia (OCTUGA).

A Consellería de Traballo e Benestar lidera o Proxecto DART (Declive, envellecemento e transformación rexional: Solucións estratéxicas para o cambio demográfico) do Programa de Cooperación Interrexional e Redes-INTERREG IV-C. Nel participa o IGE a través dun acordo coa Consellería.

Nas relacións exteriores destaca a participación no proxecto de irmandade institucional MA07/AA/OT13 de Reforzo das capacidades da Wilaya de l'Oriental de Marrocos en materia de desenvolvemento económico. No marco deste proxecto, financiado pola Comisión Europea, o IGE redactou e presentou dous documentos de traballo, un sobre a creación dun Observatorio de economía de l'Oriental e outro cunha proposta de cadro de indicadores. Persoal do IGE e do órgano estatístico da Consellería do Mar impartiron en Oujda, capital de L'Oriental, cursos de formación para funcionarios.

Dun xeito menos formal cómpre citar as relacións coa Macaronesia (Canarias, Azores e Madeira) e a colaboración coas comunidades autónomas (presentación da táboa input-output de Galicia en Cataluña, apoio na elaboración dos IVUs do País Vasco, Murcia e Andalucía e dos indicadores de competitividade de Cantabria).

Tamén cómpre salientar a organización e participación en diversos cursos das consellerías, mesas redondas e grupos de discusión (universidades galegas, foro de emprego para matemáticos, físicos e informáticos, Centro de Información Transfronteiriza do Unimiño), así como que o IGE é socio institucional da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO).

Uso máis eficiente dos rexistros das administracións públicas

Para medir o cumprimento deste obxectivo non se considera o subconxunto de operacións que se realizan mediante a recollida en campo de información para fins exclusivamente estatísticos. O resto

de operacións si contribúen na medida en que aproveitan información xa existente (explotación de rexistros administrativos e sistemas de información) ou resultan de actuacións con outras finalidades (aforos das estradas, climatoloxía, ...). O 36% das operacións consolidadas son desta clase.

Outro colectivo a considerar é o formado polas operacións de síntese (contas económicas, sistema de indicadores, ...), que se realizan a partir de información xa elaborada e tratada con metodoloxías relativamente complexas. Este tipo de operacións representa o 32% das consolidadas.

Pódese concluír por tanto que o 68% das operacións que se chegaron a consolidar no período de vixencia do plan contribúen á consecución do obxectivo de realizar un uso estatístico máis eficiente da información existente e dos rexistros e sistemas de información das administracións.

En relación con este apartado, o IGE programou a actuación denominada *AIE12 Catálogo de rexistros administrativos de interese estatístico*, que se está a realizar e que conviría incorporar á futura Plataforma de intercomunicación da organización estatística de Galicia. O IGE, mediante a sinatura de dous convenios de colaboración coa administración da Seguridade Social, mellorou a información sobre o mercado de traballo, ofertando datos de afiliacións e pensións.

Colaborar co INE e con outras organizacións. Cooperación co Norte de Portugal

A colaboración do IGE co INE e outras institucións incrementouse notablemente na vixencia do plan.

Actividades do IGE en colaboración co INE

Dada a demanda existente de información sobre o mercado de traballo, o IGE e o INE asinaron un convenio de colaboración para ampliar a mostra da EPA en Galicia. Tamén se realizou o módulo de Fogares e medio ambiente da Enquisa social no marco do Plan Estatístico Nacional. Esta experiencia constituíu un exemplo do que se podería denominar operación estatística integrada, no senso de que a coordinación estendeuse a todo o proceso da estatística, incluíndo a redacción do proxecto. Dentro das operacións de síntese, coordináronse as Proxección de poboación a curto prazo de Galicia coas elaboradas polo INE.

Acordo-marco sobre cooperación estatística e intercambio de información

Este convenio, cuxo obxectivo é evitar duplicidades, executouse cada ano a partir da aprobación dos documentos de intercambio de información entre o INE e o IGE.

Grupos de traballo do FRE

O IGE participou en diversos grupos de traballo no seo do Foro Rexional de Estatística, órgano encadrado no Comité Interterritorial de Estatística, coordinando, xunto co INE, un deles.

Panorama demográfico das comunidades autónomas

As relacións cos órganos centrais de estatística das comunidades autónomas cristalizaron na elaboración e publicación conxunta do *Panorama demográfico*.

Actividades estatísticas co Norte de Portugal

Reactiváronse as relacións co Norte de Portugal cunha nova edición do *Anuario estatístico da Eurorrexión* e co deseño da Plataforma do Observatorio Transfronteirizo dispoñible, entre outros, na web do IGE.

Comunidade Autónoma

A colaboración co Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega concretouse en dúas publicacións: *Anuario de estatísticas culturais* e *Ocio e hábitos culturais*. Esta última empregaba como información de base a obtida no módulo específico da ECV do IGE.

Dentro da organización estatística cómpre salientar a colaboración estreita entre o órgano estatístico da antiga Consellería do Mar e o IGE para a operación 32203 *Enquisa de ocupación na pesca*.

5. Avaliación dos obxectivos instrumentais

Os obxectivos instrumentais, dirixidos a desenvolver actividades que aseguren a calidade e a conexión do sistema estatístico cos usuarios, son os seguintes:

- a) Responder aos intereses lexítimos dos axentes deseñando a actividade estatística consonte as súas necesidades, ofrecendo retornos de valor e minimizando as molestias aos informantes.
- b) Difundir as operacións en curso de acordo cun calendario prefixado, para reforzar a transparencia e a puntualidade.
- c) Divulgar a información estatística de carácter oficial que teña como referencia Galicia.
- d) Sensibilizar á sociedade galega mediante servizos que potencien o coñecemento a través da estatística.
- e) Impulsar a investigación estatística para mellorar o coñecemento demográfico, social, económico e ambiental.
- f) Promover a normalización, homoxeneidade e posibilidade de comparación da información proporcionada polo sistema estatístico de Galicia respecto do estatal e do europeo.
- g) Consolidar a estrutura informática integrada do sistema estatístico e ampliar o desenvolvemento de sistemas de información.
- h) Contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información, proporcionando a oferta estatística como un servizo de administración electrónica.
- i) Desenvolver a referencia territorial da información, baseándose nos métodos xeográficos dispoñibles.
- j) Consolidar os directorios de unidades estatísticas.

Responder ás necesidades dos usuarios

Este obxectivo non se pode considerar acadado, pois o sistema estatístico non ofrece retornos de valor, nin dispón de procedementos normalizados e previos ao deseño das enquisas para saber que información precisan os axentes implicados e para garantir que se minimizan as molestias aos informantes. Cada departamento diseña as enquisas de acordo coas súas necesidades, pero non sempre se realizan estudos previos das fontes dispoñibles nin se reflexiona sobre a viabilidade de incluír as preguntas necesarias nas enquisas xa realizadas.

A organización estatística comezou, no entanto, a dar os primeiros pasos para cumprir este obxectivo instrumental. Así, á iniciativa dos departamentos e para non realizar enquisas “ad hoc”, fóronse incluíndo diversas preguntas nos cuestionarios da Enquisa de condicións de vida (ECV). Temas como voluntariado, consumo de produtos ecolóxicos, dependencia ou utilización das TIC nas relacións coa administración foron obxecto deste tipo de iniciativas.

O IGE programou unha actividade para desenvolver un aplicativo informático que facilitase información personalizada aos informantes que colaboran nas enquisas, que non se chegou a empregar. O único beneficio que se lles ofrece (segundo o establecido na orde de prezos de 2004) é unha bonificación de 500 euros anuais para a información a medida que soliciten.

Calendario prefixado

Os programas inclúen as formas e os prazos de difusión das operacións en curso e cumprimento. Isto supuxo un claro avance con respecto ao plan anterior, sobre todo porque a obriga implica ao IGE, que xa viña respectando esta boa práctica, e a todos os departamentos.

Os informes de seguimento dos programas recollen o indicador de cumprimento do calendario que, como se pode comprobar na táboa seguinte, evolucionou algo erráticamente.

Programa	Indicador calendario
2007	27,75
2008	43,66
2009	42,86
2010	73,10
2011	57,48

Divulgar axeitadamente a información estatística oficial referida a Galicia

Dado o desenvolvemento das TIC e os escenarios orzamentarios restritivos, mudouse dunha difusión orientada á publicación en papel a outra baseada na web, facilitando así o acceso a máis usuarios. A organización estatística de Galicia incrementou a difusión, non só das súas operacións, senón daquelas con información sobre a comunidade. Cómpre salientar o desenvolvemento dun punto específico de estatística no sitio web da antiga Consellería de Medio Rural que, xunto coa Plataforma Tecnolóxica da Pesca, constitúen intentos paradigmáticos de difusión centralizada na internet. Fronte a isto existen sitios webs (OSIMGA ou INEGA) que divulgan axeitadamente unha materia concreta, pero que non tentan centralizar, nalgúns casos porque non lles compete, a información do departamento.

Sensibilizar á sociedade galega e potenciar o coñecemento mediante a estatística

Dende o IGE levouse a cabo un labor de difusión importante no eido educativo co desenvolvemento dun portal dedicado aos ensino primario e secundario, a realización de cursos sobre a súa utilización, a participación na Feira Matemática e a colaboración na primeira edición do concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos da SGAPEIO. Tamén se realizaron xornadas de portas abertas con centros de ensino primario, secundario e universitario.

O IGE promoveu o Premio Galicia de Estatística, que recaeu en Don Agustín Maravall, colaborou nos actos do Día Mundial da Estatística celebrado o 20 de outubro de 2010 e asinou convenios coas universidades para que os que os alumnos de grao e postgrao realicen prácticas no IGE.

O persoal do IGE organizou e participou en cursos de formación de empregados públicos (plataforma tecnolóxica da pesca, estimación en áreas pequenas, sitio web do IGE, estatística oficial, estatística descritiva,...) e colaborou na docencia dalgúns cursos universitarios de postgrao.

Impulsar a investigación estatística

Para dar cumprimento a este obxectivo realizáronse diferentes actividades de investigación, ás veces mediante convenios coas universidades galegas. O IGE elaborou os *Documentos Técnicos*, publicacións que, de xeito monográfico, recollen os principais resultados obtidos.

Ademais do anterior, o persoal do IGE redactou diversos artigos e relatorios:

Producción técnico-científica

Anos	2007	2008	2009	2010	2011
Artigos	1	1	0	1	0
Relatorios	4	11	9	10	3
Total	5	12	9	11	3

Dende o punto de vista do fomento, o IGE participou no financiamento e realización do congreso da "Sociedad Española de Estadística e Investigación Operativa" na Coruña no 2010, así como nos congresos bienais da SGAPEIO.

O IGE avanzou neste plan na elaboración de protocolos para a cesión e uso de microdatos estatísticos con fins de investigación.

Promover a normalización, homoxeneidade e comparabilidade da información

O IGE, coa colaboración da Dirección Xeral de Innovación e Xestión en Saúde Pública, adaptou a variable nuclear de Eurostat “graو de urbanización” a Galicia, establecendo unha clasificación dos concellos e parroquias harmonizada ca empregada polo INE.

Neste eido, a organización estatística de Galicia estivo ao corrente dos traballos relacionados coas clasificacións nacionais de actividades e de ocupacións, ás que se fixeron algunhas achegas. Na actualidade estase a participar na revisión da clasificación nacional de educación.

O IGE encetou un vocabulario estatístico, que se pode consultar na web, no que se presentan as correspondencias co inglés e co castelán dos termos técnicos. Tamén se traduciron ao galego a CNAE2009 e a CNO2011. Todo isto coa colaboración do servizo de tradución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Consolidar a estruturación informática integrada do sistema estatístico

O sistema estatístico está descentralizado en departamentos e numerosas operacións/actividades. As estruturas informáticas nas que se “integra” a información do sistema son o *Inventario de operacións e actividades estatísticas* e o *Aplicativo de programación e seguimento*.

O inventario está xestionado completamente polo IGE, tanto na súa estrutura como na información que contén, polo que non se pode considerar estritamente un sistema integrado na parte organizativa, senón máis ben unha recompilación na que se consideran todas as operacións e actividades. O aplicativo pode ser un exemplo máis claro de sistema integrado, xa que a base de datos está administrada dende o IGE pero cada departamento introduce a súa información sobre programación e seguimento.

O IGE, coa idea de estender o seu uso a toda a organización estatística, estableceu e está a utilizar un sistema de información para almacenar e difundir conxuntos de indicadores.

Proporcionar a oferta estatística como un servizo de administración electrónica

No IGE este obxectivo pódese considerar acadado, xa que na súa web se difunde toda a información producida e existen formularios electrónico para enviar consultas e solicitar información, que tamén se responden mediante correos electrónicos.

Entre os servizos en liña do IGE mencionar un sistema de RSS, unha lista de subscrición para recibir un correo electrónico cada vez que o IGE difunde resultados e un formulario para solicitar as publicacións. Tamén se abriron contas nas redes sociais (Facebook, Twitter,...).

O IGE realizou un cambio do seu sitio web incluíndo microdatos anonimizados da Enquisa de Condicións de Vida das Familias.

No resto de departamentos a información non sempre está dispoñible na web como un servizo de administración electrónica, aínda que se avanzou considerablemente neste eido.

Avanzar na desagregación territorial da información

Partindo de que a meirande parte da información estatística emprega as provincias, as comarcas e os concellos como unidades territoriais, no plan desenvolvéronse ou estanse a desenvolver outras alternativas:

- No departamento de pesca as zonas de produción pesqueira e marisqueira.
- A Consellería de Sanidade adoita utilizar múltiples zonificacións para as estatísticas de saúde (xerencias de atención primaria / áreas sanitarias / complexos hospitalarios).
- O IGE forneceu información da EPA para as sete grandes cidades.

Cómpre mencionar tamén as actuacións realizadas a través do IGE para investigar e desenvolver métodos de estimación de áreas pequenas.

O CGE chegou a aprobar unha proposta do IGE, na que colaborou a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, sobre clasificación do territorio en función do seu grao de urbanización. Esta proposta, de uso obrigado para a organización estatística de Galicia, está harmonizada coas que se han de utilizar en España e no resto de Europa.

Directorios de unidades estatísticas

O IGE mantivo o de empresas e unidades locais, que xa realizaba no plan anterior, pero non chegou a desenvolver novos marcos ou directorios. Non entanto, no contexto dos grupos de traballo do Foro Rexional de Estatística, órgano no que participa o INE e as unidades estatísticas das comunidades autónomas, acordouse un procedemento para o intercambio de directorios de empresas e establecementos. Como resultado final o IGE e o INE traballaron na sinatura dun convenio de colaboración cuxo obxectivo é que cada institución siga a ser responsable dos seus propios directorios, pero que poida utilizar como fonte os elaborados pola outra.

No resto de departamentos da Xunta non existen propiamente directorios, senón que se traballa con rexistros administrativos e sistemas de información. Salientar aquí o subministro de información ao INE sobre xestores de residuos, establecementos turísticos, actividades de I+D e organismos públicos, para a execución de diversas operacións do Plan Estatístico Nacional.

6. Avaliación do Plan mediante o seguimento dos Programas anuais

Cobertura dos programas e grao de execución

Cobertura

O PGE 2007-2011 está configurado en metas de información, o que significa que non había unha listaxe inicial fixa de actividades na que enmarcar as dos programas. O instrumento empregado como marco de referencia para programar foi entón o *Inventario de operacións e actividades estatísticas*, no que se ían incorporando e mantendo as actividades de cada programa. Inicialmente tamén se inventariaron as herdadas do plan anterior con posibilidade de levarse a cabo por existir metas de información relacionadas.

O inventario proporciona a referencia precisa e considéranse como *actividades do inventario* as incorporadas polo menos nun programa. Tamén se incluíron inicialmente as 8 que figuran na táboa seguinte e que non se chegaron a programar, algunha, como a 601, por mor dos calendarios do Plan Estatístico Nacional e outras, como os módulos da ECV, pola súa periodicidade.

Código	NomeOperacion
601	Censo de poboación e vivendas
11304	Superficie forestal cuberta por especies
23303	Enquisa de condicións de vida. Formación e inserción laboral
24409	Proxeccións de taxas de actividade
25204	Enquisa de condicións de vida. Relacións familiares e sociais
25403	Explotación do rexistro galego de asociacións
32101	Explotación do directorio de instalacións de produción para a acuicultura
36107	Gasto sanitario

A seguinte táboa recolle as actividades do inventario, as incluídas en cada programa e o grado de execución acadado. Dado que no plan había actividades con dobre responsabilidade, estas considéranse en ambas as dúas entidades, polo que a suma por departamentos non coincide co total.

	2007	2008	2009	2010	2011
Total Comunidade Autónoma de Galicia					
Actividades no inventario	235	235	235	235	235
AE	61	61	61	61	61
OE	174	174	174	174	174
Actividades no programa	178	182	176	156	152
AE	38	37	43	38	35
OE	140	145	133	118	117
Ratio bruto PEA/Inventario	75,7	77,4	74,9	66,4	64,7
Ratio bruto AE	62,3	60,7	70,5	62,3	57,4
Ratio Bruto OE	80,5	83,3	76,4	67,8	67,2
Operacións estatísticas susceptibles de programación anual					
OE susceptibles inventario	141	141	141	141	141
OE susceptibles programa	125	130	117	106	105
Ratio Neto OE	88,7	92,2	83,0	75,2	74,5

A táboa reflicte unha baixada permanente da porcentaxe de actividades inventariadas que se foron programando. Anualmente programouse en torno ao 70% de actividades e as OE trasladáronse aos programas en maior medida que as AE.

Agora ben, non todas as operacións do inventario son, pola súa periodicidade, susceptibles de programación anual. Para ter isto en conta se calculan e recollen na táboa os mesmos ratios, referidos agora a ese subconxunto de operacións. En termos netos, os ratios son superiores (chegando no 2008 a acadar o 92% das OE programadas), aínda que diminúen nos últimos programas. Na táboa seguinte se pode comprobar que no período as porcentaxes que relacionan actividades inventariadas e programadas reducíronse 10 puntos no IGE e case que 20 nas consellerías.

	2007	2008	2009	2010	2011
Total Comunidade Autónoma de Galicia					
Ratio bruto PEA/Inventario	75,7	77,4	74,9	66,4	64,7
Actividades no inventario	235	235	235	235	235
Actividades no programa	178	182	176	156	152
Consellerías					
Ratio bruto PEA/Inventario	83,3	85,9	82,7	72,4	67,9
Actividades no inventario	156	156	156	156	156
Actividades no programa	130	134	129	113	106
Instituto Galego de Estatística					
Ratio bruto PEA/Inventario	66,3	62,8	59,3	53,5	57,0
Actividades no inventario	86	86	86	86	86
Actividades no programa	57	54	51	46	49

O detalle por departamento amosa que a diminución de actividades entre o PEA 2011 e o PEA 2007 é xeneralizada, agás na Presidencia e nas consellerías de Presidencia e do Mar. Os departamentos con máis actividades inventariadas son Traballo (29) e Medio Rural (26). En relación coa programación efectiva das actividades inventariadas salienta a Consellería de Traballo, que veu programando cada ano 25 ou máis das 29 inventariadas. Educación é, pola contra, o departamento que menos actividades traslada aos programas, pois das 14 inventariadas só se introduciron 4 no PEA 2011.

	inventariadas	2007	2008	2009	2010	2011
Presidencia da Xunta	10	7	9	9	7	8
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	4	2	3	3	2	2
Consellería de Facenda	9	7	8	8	6	6
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	14	11	13	10	7	8
Consellería de Economía e Industria	9	8	6	6	6	5
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	14	10	10	9	8	4
Consellería de Sanidade	20	17	19	17	15	14
Consellería de Cultura e Turismo	13	12	12	9	7	7
Consellería de Traballo e Benestar	29	29	29	28	26	25
Consellería do Medio Rural	26	22	19	24	24	21
Consellería do Mar	8	5	6	6	5	6
Instituto Galego de Estatística	86	57	54	51	46	49
Total Comunidade Autónoma	235	178	182	176	156	152

Estes resultados obedecen en parte a que nos primeiros programas foise optimista de máis e programáronse operacións en proxecto ou reestruturación que logo non se chegaron a executar. Desde o IGE foise constrinxindo a programación das operacións que non evolucionaban na redacción dos proxectos.

Grao de execución

O grao de execución global situouse en torno ao 80%. O IGE acadou unha execución media do 90%, chegando mesmo ao 95% no derradeiro programa. No outro extremo situouse a Consellería de Presidencia cun 30% de execución.

	media	2007	2008	2009	2010	2011
Presidencia da Xunta	84,8	59,0	88,0	85,1	97,6	94,4
Públicas e Xustiza	30,1	65,0	46,7	19,0	0,0	20,0
Consellería de Facenda	83,7	84,0	87,4	73,5	85,6	88,0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	71,8	83,6	74,3	60,9	68,8	71,3
Consellería de Economía e Industria	82,7	86,0	81,4	84,4	83,7	78,1
Consellería de Educación e Ordenación Universit	72,6	88,5	75,4	59,6	76,4	63,3
Consellería de Sanidade	75,6	73,0	72,9	85,6	76,9	69,5
Consellería de Cultura e Turismo	66,4	66,1	58,2	66,9	84,6	56,2
Consellería de Traballo e Benestar	83,0	90,5	78,3	78,0	80,6	87,3
Consellería do Medio Rural	68,4	59,6	78,5	61,2	79,7	62,9
Consellería do Mar	87,4	100,0	84,8	84,0	84,0	84,3
Instituto Galego de Estatística	90,2	86,8	88,5	92,1	88,4	95,3
Total Comunidade Autónoma	81,1	83,3	80,4	77,6	82,0	82,5

Para clasificar as actividades por consellería considérase a responsabilidade no último programa. O grado de execución das OE obtense ponderando as correntes (en curso ou cumprimento) cun 0,8 e o resto (en proxecto, implantación ou reestruturación) cun 0,2. Para agregar OE e AE tamén se ponderan as primeiras cun 0,8 e as segundas cun 0,2. A continuación preséntase a información detallada por actividade e departamento.

Presidencia da Xunta

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE219	Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia	100	100	0	100	100
AE220	Explotación do catálogo de servizos públicos de atención ao cidadán	100	100	0	NP	NP
AE221	Mapas dos servizos de Galicia e os seus concellos (GALIMAP)	100	100	100	NP	NP
AE408	A realidade da muller galega	NP	100	95	100	100 C
AE409	Galicia aberta: a emigración en cifras	NP	0	100	90	30
25404	Estatística de violencia de xénero	100	100	100	100	100
25502	Indicadores de xénero	70	100	30	50	100 C
41101	Sistema de indicadores da sociedade da información	100	50	90	100	100
41203	Estatística sobre a administración electrónica na Xunta de Galicia	30	50	90	100	100
41204	Estatística da administración electrónica nos concellos galegos	NP	NP	NP	NP	100
Grao de execución global		59,0	88,0	85,1	97,6	94,4

(C) En colaboración co IGE

NP Non programada

A AE408 A realidade da muller galega ten responsabilidade compartida dende o 2009

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE225	Asistencia xurídica gratuíta	30	50	95	0	100 (1)
25402	Eleccións autonómicas	NP	0	0	NP	NP
25403	Explotación do rexistro galego de asociacións	NP	NP	NP	NP	NP
35401	Empresas de xogo e máquinas recreativas e de azar	100	90	0	0	0
Grao de execución global		65,0	46,7	19,0	0,0	20,0

NP Non programada

(1) Nos PEA 2007 e 2008 programouse como OE, a partir do PEA 2009 pasa a ser AE

Consellería de Facenda

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE210	Observatorio da economía galega	100	100	100	100	100
AE215	Observatorio fiscal	100	100	0	NP	NP
24410	Persoal ao servizo da Administración autonómica	NP	100	100	100	100
36101	Indicadores da actividade económica-financeira da comunidade autónoma	100	98	90	100	100
36102	Estatística orzamentaria da Administración autonómica	0	0	NP	NP	NP
36103	Estatística tributaria autonómica	100	100	100	100	100
36104	Explotación do directorio de organismos das administracións públicas galegas	100	100	0	10	50 (1)
36109	Salarios da Administración autonómica	0	0	0	NP	NP
36401	Seguimento dos programas operativos Feder e FSE	0	0	30	10	0
Grao de execución global		84,0	87,4	73,5	85,6	88,0

NP Non programada

(1) Nos PEA 2007 e 2008 programouse como responsabilidade do IGE

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE226	Indicadores ambientais	10	0	0	0	0
11101	Estado do planeamento urbanístico dos concellos	NP	0	0	NP	NP
11201	Contaxe nas estradas competencia da comunidade autónoma	100	100	100	100	100
12101	Calidade do aire	78	97,5	95	63,25	100
12102	Climatoloxía	95	98	77,5	97,5	95
12103	Niveis polínicos	100	97,5	95	62,5	NP
12201	Calidade da auga	0	0	NP	NP	0
12202	Reservas de auga	100	100	100	100	100
12301	Xestión de residuos urbanos	NP	NP	NP	NP	100
27201	Explotación do rexistro público de demandantes de vivenda de protección autonómica	NP	30	40	NP	NP
34101	Estatística de construción de edificios	100	100	97,5	100	100
34102	Rehabilitación e recuperación do patrimonio construído	100	50	70	NP	NP
35101	Explotación do rexistro de transportistas	30	10	NP	NP	NP
36108	Investimento en infraestruturas	0	0	NP	NP	NP
Grao de execución global		83,6	74,3	60,9	68,8	71,3

NP Non programada

(C) En colaboración co IGE

(1) Nos PEA 2007 e 2008 programouse como OE, a partir do PEA 2009 pasa a ser AE

Consellería de Economía e Industria

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE228	A enerxía en Galicia	NP	NP	100	100	100
AE705	Estudo sobre indicadores de innovación empresarial	100	NP	NP	NP	NP C
33101	Balance enerxético	92	86	84,7	98,5	100
33102	Caracterización da xeración eléctrica do réxime especial	90	100	100	100	87,5
33201	Produción mineira	0	0	NP	NP	NP
33302	Explotación do rexistro industrial	30	100	0	0	0
36106	Gasto público en I+D+i	0	0	NP	NP	NP
42101	Sistema de indicadores da I+D+i	50	50	0	0	NP (1)
42102	Situación da certificación en Galicia	100	92,5	100	100	85
Grao de execución global		86,0	81,4	84,4	83,7	78,1

(C) En colaboración co IGE

(1) No PEA programouse en colaboración IGE e Consellería, no 2008 responsabilidade do IGE e nos 2009 e 2010 responsabilidade da Consellería en exclusiva

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
23101	Estatística do ensino non universitario en Galicia	96	77,5	85	85	100
23201	Datos estatísticos do sistema universitario de Galicia	95	97	80	100	65
23202	Probas de acceso á universidade	100	NP	NP	NP	NP (1)
23203	Indicadores do sistema universitario de Galicia	NP	0	0	10	0
23301	Panel de inserción laboral dos titulados no sistema universitario galego	50	50	NP	NP	NP C
23302	Inserción laboral dos titulados de formación profesional	100	100	30	100	NP
23304	Inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia	NP	NP	90	0	NP
26402	Enquisa sobre as prácticas lingüísticas da poboación en Galicia	0	NP	NP	NP	NP C
26403	Enquisa da situación lingüística do persoal da Xunta de Galicia	NP	0	0		NP
36105	Gasto educativo	NP	80	85	85	72,5
41201	Estatística da sociedade da información e a comunicación nos centros educativos	0	NP	NP	NP	NP (1)
42201	Financiamento da I+D no sistema universitario galego	100	100	0	0	NP
42203	Persoal dedicado á I+D no sistema universitario galego	100	100	0	0	NP
42204	Produción científica do sistema universitario galego	0	0	NP	NP	NP
Grao de execución global		88,5	75,4	59,6	76,4	63,3

NP Non programada

(C) En colaboración co IGE

(1) Estas operacións inclúense dentro das 23201 e 23101

Consellería de Sanidade

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE604	Explotación da enquisa nacional de saúde	NP	50	NP	NP	NP C
12203	Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño	100	100	97,5	100	100
22101	Conxunto mínimo básico de datos hospitalarios	90	65,5	80	0	0
22102	Explotación do rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo	90	100	100	100	100
22103	Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica	100	100	100	100	100
22201	Sistema de información de prestación farmacéutica	0	0	0	NP	NP
22301	Enquisa de cobertura vacinal	10	30	90	100	NP
22303	Sistema de información sobre condutas de risco	0	0	NP	NP	NP
22401	Enfermidades de declaración obrigatoria	35	100	100	97,5	100
22402	Explotación do rexistro galego da sida	90	40	90	100	100
22403	Explotación do rexistro galego de tuberculose	88	97,5	97,5	100	100
22404	Sistema de información do cancro	0	0	30	NP	NP
22501	Análise da mortalidade	67	75	100	87,5	57,5
22502	Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas	95	92,5	97,5	100	100
22601	Estudo epidemiolóxico do consumo de drogas	100	100	95	0	0
22602	Sistema de avaliación asistencial de drogodependencias	100	99	100	97	97,5
25505	Indicadores sanitarios	NP	90	90	0	0
36107	Gasto sanitario	NP	NP	NP	NP	NP
41202	Situación das TIC nos centros sanitarios	0	90	50	100	100
42202	I+D no sistema sanitario galego	50	50	0	10	0
Grao de execución global		73,0	72,9	85,6	76,9	69,5

NP Non programada

(C) En colaboración co IGE

Consellería e Cultura e Turismo

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
26101	Explotación do rexistro de arquivos	3	70	0	NP	NP
26102	Estatística de bibliotecas públicas	98	60	75	100	100
26103	Explotación do rexistro de museos	60	40	85	NP	0
26104	Explotación da rede galega de teatros e auditorios	100	10	40	70	0
26201	Explotación do rexistro de propiedade intelectual	47	4	0	NP	NP
26202	Estatística de produción editorial	0	0	NP	NP	NP
26204	Estatística de produción audiovisual	0	0	NP	NP	NP
35201	Explotación do rexistro de empresas e actividades turísticas	100	100	100	98	95
37101	Análise estatística da demanda turística do Camiño de Santiago	0	0	NP	NP	NP
37102	Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León, Zamora e norte de Portugal	100	90	85	70	100
37103	Enquisa sobre o turismo en destino de Galicia	100	100	100	100	0
37104	Análise estatística sobre o turismo. Enquisa en orixe	100	100	100	98	NP
39301	Conta satélite do turismo	NP	NP	NP	30	90
Grao de execución global		66,1	58,2	66,9	84,6	56,2

NP Non programada

Consellería de Traballo e Benestar

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE218	Indicadores do mercado laboral	100	100	100	100	100
AE227	Negociación colectiva	0	0	100	100	100 (1)
AE405	Tendencias do emprego	100	0	100	100	100
AE406	Anuario de estatísticas sociolaborais	100	100	100	100	100
23401	Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego	100	100	100	100	100
23402	Formación profesional ocupacional	100	60	0	0	NP
24101	Entidades formativas en prevención de riscos laborais	0	0	NP	NP	NP
24102	Sinistralidade laboral	100	100	100	100	100
24201	Conciliacións individuais e colectivas	100	100	100	100	100
24202	Eleccións sindicais	100	100	100	100	100
24301	Folgas e peches patronais	100	100	100	100	100
24302	Infraccións e sancións na orde social	100	100	100	100	100
24303	Regulación de emprego	100	100	100	100	100
24401	Apertura de centros de traballo	100	100	100	100	100
24402	Centros especiais de emprego	100	100	100	100	100
24403	Datos sobre ocupacións máis contratadas	100	100	100	100	100
24404	Empresas de traballo temporal	100	100	100	100	100
24405	Enquisa aos demandantes de emprego	50	100	100	NP	NP C
24406	Explotación do rexistro de contratos laborais	100	97,5	100	100	100
24408	Informe do paro rexistrado	100	97,5	100	95	100
25101	Explotación do censo de persoas con discapacidade	100	100	100	100	100
25102	Explotación do rexistro de fundacións e entidades de iniciativa social	100	100	45	0	0
25103	Explotación do rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais	100	100	45	0	50
25104	Estatística de pensións non contributivas	0	0	0	NP	NP
25201	Estatística de protección de menores	100	100	100	100	100
25202	Estatística de familias numerosas	100	100	100	100	100
25301	Estatística sobre beneficiarios da Risa e das axudas de emerxencia social	100	100	100	100	80
38301	Cooperativas	100	100	100	100	100
38302	Sociedades laborais	100	100	100	100	100
Grao de execución global		90,5	78,3	78,0	80,6	87,3

NP Non programada

(C) En colaboración co IGE

(1) Nos PEA 2007 e 2008 programouse como OE, a partir do PEA 2009 pasa a ser AE

Consellería do Medio Rural

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE105	Utilización de medios de produción na explotación agraria	80	100	100	100	0 (1)
AE401	Anuario de estatística agraria	0	100	0	80	0
11301	Explotación do rexistro de montes veciñais de man común	90	50	40	70	0
11302	Producións forestais	90	70	40	80	0
11303	Repoboación con fondos públicos	0	30	0	NP	NP
11304	Superficie forestal cuberta por especies	NP	NP	NP	NP	NP
11401	Incendios forestais	100	100	15	80	100
11502	Estatística sobre caza e pesca continental	NP	NP	30	30	100
31101	Explotación do rexistro de avicultura	90	70	90	100	85
31102	Explotación do rexistro de gando bovino	90	70	90	100	100
31103	Explotación do rexistro de maquinaria agrícola	90	70	26	100	100
31104	Explotación do rexistro de ovino e cabrún	90	70	100	100	100
31105	Superficies agrícolas	90	80	100	100	100
31201	Estatística do sector hortoflorícola	90	NP	70	40	NP
31301	Enquisa do sector avícola	90	NP	20	0	50
31302	Sector cunícola	0	100	100	100	NP
31303	Sector porcino industrial	100	80	85	100	85
31401	Estrutura do viñado de vinificación	0	NP	70	100	100
31402	Rendementos de cultivos	90	80	95	100	100
31501	Estatística de sacrificio de gando en matadoiros	82	70	90	100	100
33301	Explotación do rexistro da agroindustria	NP	NP	80	100	NP
37202	Prezos agrarios	90	80	95	100	100
37203	Prezos da terra	90	80	95	100	100
37204	Prezos do leite	50	80	80	100	70 (2)
37205	Explotación do rexistro sobre prezos declarados polos compradores de leite	NP	NP	NP	10	100
39303	Contas económicas da agricultura	89	65	45	75	0
Grao de execución global		59,6	78,5	61,2	79,7	62,9

NP Non programada

(1) No PEA 2007 programouse como OE, a partir do PEA 2008 pasa a ser AE

(2) No PEA 2007 programouse como responsabilidade compartida IGE e Consellería, a partir do PEA 2009 é responsabilidade da Consellería

Consellería do Mar

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE402	Anuario de pesca	100	100	100	100	100
11501	Evolución das zonas de produción marisqueira	100	10	0	0	0
32101	Explotación do directorio de instalacións de produción para a acuicultura	NP	NP	NP	NP	NP
32102	Explotación do rexistro de buques pesqueiros da comunidade autónoma	100	100	100	100	90
32201	Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos	100	100	100	100	100
32202	Estatística de produción de acuicultura mariña	100	100	100	100	100
32203	Enquisa de ocupación na pesca	NP	NP	NP	NP	30
35102	Tráfico de mercadorías nos portos de titularidade autonómica	NP	0	0	NP	NP
Grao de execución global		100,0	84,8	84,0	84,0	84,3

NP Non programada

Instituto Galego de Estatística
Operacións estatísticas

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
21101	Indicadores demográficos	100	100	100	100	100
21102	Enquisa da poboación inmigrante	0	0	NP	NP	NP
21103	Cifras poboacionais de referencia	NP	NP	NP	NP	95
21201	Proxeccións de poboación a curto prazo	NP	30	80	100	100
21202	Proxeccións de fogares	NP	0	0	NP	100
23301	Panel de inserción laboral dos titulados no sistema universitario galego	50	50	NP	NP	NP C
23303	Enquisa de condicións de vida. Formación e inserción laboral	NP	NP	NP	NP	NP
24103	Enquisa de condicións de vida. Condicións no traballo	100	100	NP	NP	NP
24104	Enquisa de poboación activa. Módulo de conciliación da vida persoal e laboral	NP	NP	NP	100	100
24105	Enquisa de poboación activa. Módulo sobre o emprego das persoas con discapacidade	NP	NP	NP	NP	100
24405	Enquisa aos demandantes de emprego	50	100	100	NP	NP C
24407	Sistema de indicadores do mercado de traballo	30	0	NP	NP	NP
24409	Proxeccións de taxas de actividade	NP	NP	NP	NP	NP
24411	Enquisa de poboación activa de Galicia	NP	NP	100	100	100
25105	Enquisa de condicións de vida das familias. Poboación dependente	NP	NP	NP	NP	100
25203	Enquisa de condicións de vida. Módulo xeral	100	65	100	100	100
25204	Enquisa de condicións de vida. Relacións familiares e sociais	NP	NP	NP	NP	NP
25205	Enquisa social: os fogares e o desenvolvemento sustentable	90	100	100	NP	NP
25502	Indicadores de xénero	70	100	30	50	100 C
25504	Indicadores de cohesión social	NP	NP	100	100	100
26301	Enquisa de condicións de vida. Ocio e hábitos culturais	84	NP	NP	NP	NP
26401	Enquisa de condicións de vida. Coñecemento e uso do galego	NP	100	80	NP	NP
26402	Enquisa sobre as prácticas lingüísticas da poboación en Galicia	0	NP	NP	NP	NP C
27101	Enquisa de condicións de vida. Características básicas dos fogares	NP	NP	NP	100	100
34101	Estatística de construción de edificios	100	100	97,5	100	100 C
35103	Indicadores de actividade no sector servizos	NP	NP	NP	NP	100
37105	Gasto dos non-residentes en Galicia	90	100	100	72	NP
37106	Enquisa conxuntural a fogares	100	100	90	100	100
37107	Índices de competitividade	90	100	100	100	100
37108	Enquisa de condicións de vida. Gasto dos fogares	NP	NP	100	60	100
37201	Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario	100	100	100	100	100
38101	Explotación do directorio de empresas e unidades locais	100	84,4	100	100	100
38201	Enquisa estrutural a empresas	50	100	100	0	0
38202	Confianza empresarial	90	100	100	100	100
38203	Indicadores do sector empresarial	30	10	NP	50	100
38204	Enquisa de innovación empresarial	NP	100	60	100	NP
39101	Contas económicas anuais	100	100	100	100	100
39102	Contas económicas trimestrais	100	100	100	100	100
39201	Marco input-output	100	100	100	NP	100
39302	Contas de distribución da renda dos fogares por concellos	0	NP	NP	NP	100
39304	Matriz de contabilidade social	NP	NP	NP	NP	90
41205	Enquisa de condicións de vida. Novas tecnoloxías	NP	100	100	NP	NP
Grao de execución global		86,8	88,5	92,1	88,4	95,3

NP Non programada

(C) En colaboración coa consellería competente

Instituto Galego de Estatística
Outras actividades estatísticas

Código	Nome operación inventariada	2007	2008	2009	2010	2011
AE101	Marco input-output. Enquisa da pesca	50	NP	NP	NP	NP
AE102	Marco input-output. Enquisa sobre a estrutura produtiva galega	100	NP	NP	NP	NP
AE103	Enquisa de comercio interior	100	NP	NP	NP	NP
AE106	Contas económicas anuais. Estudo sobre empresas multilocalizadas	NP	100	100	NP	NP
AE108	Enquisa de poboación activa. Módulo sobre transición da escola ao traballo	NP	NP	100	90	NP
AE201	Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes	100	100	100	100	100
AE202	Banco de series de conxuntura	100	100	100	100	100
AE203	Atlas estatístico comarcal	100	100	100	100	100
AE204	Portal estatístico para o mundo educativo	100	100	100	100	100
AE205	Banco de datos territorial	100	100	100	100	100
AE206	Estudo sobre salarios	NP	NP	80	NP	NP
AE207	Seguimento e análise da construción	NP	NP	100	100	100
AE209	Informe das variacións do Índice de prezos de consumo	100	100	100	100	100
AE211	Accesibilidade á vivenda	100	100	100	100	100
AE217	Atlas municipal de Galicia	10	0	NP	NP	NP
AE222	Xanela demográfica	NP	0	100	NP	NP
AE223	Indicadores sociais	100	50	NP	NP	NP (1)
AE224	Análise sobre os intercambios comerciais entre Galicia e o resto de España	NP	NP	50	10	NP
AE229	Indicadores de contexto do Plan Estratéxico	NP	NP	NP	NP	95
AE301	Explotación do movemento natural da poboación	100	100	100	100	100
AE302	Explotación dos movementos migratorios	100	100	100	100	100
AE303	Explotación da enquisa de poboación activa	100	100	100	NP	NP
AE304	Explotación das afiliacións á Seguridade Social	100	100	100	100	100
AE305	Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario	100	100	100	100	100
AE306	Pensións e outras prestacións	100	100	100	100	100
AE307	Explotación do índice de produción industrial	NP	NP	NP	100	100
AE403	Galicia en cifras. Anuario	100	100	95	90	100
AE404	Datos estatísticos básicos de Galicia	100	100	100	100	100
AE407	Panorama demográfico de Galicia	100	95	NP	NP	NP
AE408	A realidade da muller galega	NP	100	95	100	100 C
AE501	Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil	0	90	NP	100	100
AE502	Estudo sobre a poboación dependente	100	100	NP	NP	NP
AE503	Análise do Marco input-ouput	NP	NP	NP	100	NP
AE601	Censo de poboación e vivendas	NP	NP	NP	NP	NP
AE602	Explotación da enquisa da estrutura das explotacións agrarias	100	NP	NP	NP	NP
AE604	Explotación da enquisa nacional de saúde	NP	50	NP	NP	NP C
AE701	Investigación e desenvolvemento sobre métodos de corrección de datos	100	NP	NP	NP	NP
AE702	Software para a recollida de información mediante PDA	100	NP	NP	NP	NP
AE703	Desenvolvemento de aplicacións web de retorno aos informantes	NP	NP	0	0	NP
AE704	Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación de áreas pequenas	100	100	100	50	100
AE705	Estudo sobre indicadores de innovación empresarial	100	NP	NP	NP	NP C
AE706	Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación da varianza	NP	NP	95	NP	NP
AE707	Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación e predición de ag	NP	NP	100	50	0
AE801	Traducións ao galego de nomenclaturas e clasificacións	100	95	NP	100	90
AE802	Vocabulario estatístico	NP	NP	90	NP	NP

NP Non programada

(C) En colaboración coa consellería competente

(1) Nos PEA 2007 e 2008 programouse como operación estatística

Execución por programas

Programa 2007	Núm. actividades PEA			Grao de execución		
	Total	OE	AE	Global	OE	AE
Presidencia da Xunta	7	3	4	59,0	52,0	87,1
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	2	2	0	65,0	65,0	—
Consellería de Facenda	7	5	2	84,0	80,0	100,0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	11	11	0	83,6	83,6	—
Consellería de Economía e Industria	8	7	1	86,0	82,5	100,0
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	10	10	0	88,5	88,5	—
Consellería de Sanidade	17	17	0	73,0	73,0	—
Consellería de Cultura e Turismo	12	12	0	66,1	66,1	—
Consellería de Traballo e Benestar	29	26	3	90,5	88,2	100,0
Consellería do Medio Rural	22	21	1	59,6	74,5	0,0
Consellería do Mar	5	4	1	100,0	100,0	100,0
Instituto Galego de Estatística	57	29	28	86,8	85,2	92,8
Total Comunidade Autonoma	178	140	38	83,3	81,4	91,1

Programa 2008	Núm. actividades PEA			Grao de execución		
	Total	OE	AE	Global	OE	AE
Presidencia da Xunta	9	3	6	88,0	90,0	80,0
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	3	3	0	46,7	46,7	—
Consellería de Facenda	8	6	2	87,4	84,2	100,0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	13	13	0	74,3	74,3	—
Consellería de Economía e Industria	6	6	0	81,4	81,4	—
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	10	10	0	75,4	75,4	—
Consellería de Sanidade	19	18	1	72,9	78,6	50,0
Consellería de Cultura e Turismo	12	12	0	58,2	58,2	—
Consellería de Traballo e Benestar	29	26	3	78,3	81,2	66,7
Consellería do Medio Rural	19	17	2	78,5	73,1	100,0
Consellería do Mar	6	5	1	84,8	81,0	100,0
Instituto Galego de Estatística	54	29	25	88,5	88,2	89,6
Total Comunidade Autonoma	182	145	37	80,4	78,6	87,3

Programa 2009	Núm. actividades PEA			Grao de execución		
	Total	OE	AE	Global	OE	AE
Presidencia da Xunta	9	4	5	85,1	94,0	49,4
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	3	2	1	19,0	0,0	95,0
Consellería de Facenda	8	6	2	73,5	79,3	50,0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	10	9	1	60,9	76,2	0,0
Consellería de Economía e Industria	6	5	1	84,4	80,6	100,0
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	9	9	0	59,6	59,6	—
Consellería de Sanidade	17	17	0	85,6	85,6	—
Consellería de Cultura e Turismo	9	9	0	66,9	66,9	—
Consellería de Traballo e Benestar	28	24	4	78,0	72,5	100,0
Consellería do Medio Rural	24	22	2	61,2	64,0	50,0
Consellería do Mar	6	5	1	84,0	80,0	100,0
Instituto Galego de Estatística	51	23	28	92,1	91,9	92,9
Total Comunidade Autonoma	176	133	43	77,6	76,1	83,7

Programa 2010	Núm. actividades PEA			Grao de execución		
	Total	OE	AE	Global	OE	AE
Presidencia da Xunta	7	4	3	97,6	98,0	96,0
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	2	1	1	0,0	0,0	0,0
Consellería de Facenda	6	5	1	85,6	82,0	100,0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	7	6	1	68,8	86,1	0,0
Consellería de Economía e Industria	6	5	1	83,7	79,6	100,0
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	8	8	0	76,4	76,4	—
Consellería de Sanidade	15	15	0	76,9	76,9	—
Consellería de Cultura e Turismo	7	7	0	84,6	84,6	—
Consellería de Traballo e Benestar	26	22	4	80,6	75,8	100,0
Consellería do Medio Rural	24	22	2	79,7	77,1	90,0
Consellería do Mar	5	4	1	84,0	80,0	100,0
Instituto Galego de Estatística	46	21	25	88,4	88,7	87,4
Total Comunidade Autónoma	156	118	38	82,0	81,0	85,8

Programa 2011	Núm. actividades PEA			Grao de execución		
	Total	OE	AE	Global	OE	AE
Presidencia da Xunta	8	5	3	94,4	100,0	72,0
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	2	1	1	20,0	0,0	100,0
Consellería de Facenda	6	5	1	88,0	85,0	100,0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	8	7	1	71,3	89,1	0,0
Consellería de Economía e Industria	5	4	1	78,1	72,7	100,0
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	4	4	0	63,3	63,3	—
Consellería de Sanidade	14	14	0	69,5	69,5	—
Consellería de Cultura e Turismo	7	7	0	56,2	56,2	—
Consellería de Traballo e Benestar	25	21	4	87,3	84,2	100,0
Consellería do Medio Rural	21	19	2	62,9	78,7	0,0
Consellería do Mar	6	5	1	84,3	80,3	100,0
Instituto Galego de Estatística	49	27	22	95,3	95,4	94,7
Total Comunidade Autónoma	152	117	35	82,5	81,5	86,1



Anexo 1. Satisfacción perspectiva de xénero

O plan establece que as operacións sobre persoas físicas se deben recoller e difundir por sexo. Para analizar esta cuestión consideráronse as 50 consolidadas (anexo 3 da Lei do PGE 2012-2016), analizando como se reflicte esta obriga no proxecto técnico e como se cumpre na difusión de resultados. A cada operación asignóuselle unha aproximación da porcentaxe de información desagregada por xénero, que varía desde o 0%, no caso de non ofrecer ningunha, ata o 100% se todas as táboas a contemplan. Os indicadores utilizados son:

- **IndicadorSexoTécnico:** porcentaxe de operacións con proxecto que recollen desagregación por sexo. No denominador figuran as susceptibles de desagregación.
- **CoberturaMediaSexoTécnico:** media das porcentaxes de información a difundir por sexo segundo o proxecto.
- **IndicadorSexoDifusión:** porcentaxe de operacións nas que se difunde información por sexo. No denominador figuran as susceptibles de desagregación.
- **CoberturaMediaSexoDifusión:** media porcentaxes de información difundida efectivamente por sexo.

O colectivo analizado de operacións consolidadas inclúe, non só aquelas cuxa unidade estatística é a persoa física e que, por tanto, están obrigadas a considerar a perspectiva de xénero, senón tamén as susceptibles de ofrecer información con ese detalle. Neste segundo caso estarían, por exemplo, as de síntese de tipo indicadores e mesmo outras de base xeradoras de información potencialmente explotable por xénero, pero que non teñen como referencia a individualizada de cada persoa.

Indicadores de cumprimento da perspectiva de xénero							
Operacións consolidadas		Proxecto técnico			Difusión efectiva		
Área	OE consolidadas con posible detalle por sexo	OE con proxecto que contempla difusión por sexo	Indicador Sexo Técnico (%)	Cobertura media	OE con difusión por sexo	Indicador Sexo Difusión (%)	Cobertura media
2	20	15	75%	65%	18	90%	73%
3	1	1	100%	100%	0	0%	0%
4	1	0	0%	0%	0	0%	0%
Total	22	16	73%	63%	18	82%	66%

Das 22 operacións consolidadas 16 execútanse a partires dun proxecto que contempla a desagregación por sexo. Tres das seis que non o fan son operacións en cumprimento, cuxa metodoloxía ven dada pola Administración Xeral do Estado. A non consideración no proxecto non foi, no entanto, obstáculo para que, como no caso da *Enquisa de condicións de vida*, os resultados se difundiran maioritariamente por sexo.

Na *Enquisa de cobertura vacinal* a unidade é o neno ou a nena dentro duns tramos de idade que, ata o de agora, non semellaban precisar a desagregación por sexo. A flexibilidade da programación permitirá que o proxecto da operación se vaia acomodando aos cambios nos calendarios ou prácticas de vacinación, ata chegarmos, se procede, a contemplala. Con respecto ao *Sistema de indicadores da sociedade da información* dicir que a normativa non obrigaba a recoller a perspectiva de xénero..

Operacións consolidadas segundo perspectiva de xénero

Código	Nome	Obriga legal	Posible detalle	Proxecto técnico	Cobertura proxecto	Difusión	Cobertura difusión
21101	Indicadores demográficos	0	1	1	100%	1	90%
21201	Proxeccións de poboación a curto prazo	0	1	1	100%	1	100%
22103	Sistema de información da lista de espera cirúrxica	1	1	1	100%	0	0%
22301	Enquisa de cobertura vacinal	1	1	0	0%	0	0%
22402	Explotación do rexistro galego da sida	1	1	0	0%	1	100%
22403	Explotación do rexistro galego de tuberculose	1	1	1	30%	1	30%
22502	Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas	1	1	0	0%	1	30%
23101	Estatística do ensino non universitario en Galicia	1	1	1	50%	1	50%
23201	Datos estatísticos do sistema universitario de Galicia	1	1	1	100%	1	100%
23302	Inserción laboral titulados de formación profesional	1	1	1	75%	1	30%
24102	Sinistralidade laboral	1	1	1	100%	1	100%
24410	Persoal ao servizo da administración autonómica	1	1	1	95%	1	95%
24411	Enquisa de poboación activa en Galicia	1	1	0	20%	1	100%
25101	Explotación do censo de persoas con minusvalidez	1	1	1	80%	1	80%
25201	Estatística de protección de menores	1	1	1	20%	1	80%
25203	Enquisa de condicións de vida. Módulo xeral	1	1	0	20%	1	75%
25301	Estatística sobre beneficiarios da RISGA	1	1	1	100%	1	100%
25404	Estatística de violencia de xénero	1	1	1	100%	1	100%
25502	Indicadores de xénero	0	1	1	100%	1	100%
25504	Indicadores de cohesión social	0	1	1	100%	1	100%
37102	Análise estatística sobre o excursionismo	1	1	1	100%	0	0%
41101	Sistema de indicadores da sociedade da información	0	1	0	0%	0	0%
Total		17	22	16	63%	18	66%

Pero que a metodoloxía dunha operación considere a perspectiva de xénero non significa necesariamente que o faga en todas as variables susceptibles de desagregación e, de facelo, pode que finalmente desapareza o detalle cando se difunden os datos. Para intentarmos avaliar estes niveis de cumprimento calculáronse o resto de indicadores que figuran nas táboas.

Así, se pode concluír que o 73% dos proxectos técnicos das estatísticas analizadas recollen a perspectiva de xénero, pero que esta porcentaxe diminúe ata o 63% se nos referimos ás variables “efectivamente cubertas”. No tocante á difusión, as porcentaxes aumentan ata o 82% e o 66%, respectivamente, o que significa que hai máis operacións e variables publicadas con detalle por sexo que as inicialmente previstas.

A táboa que segue ofrece detalle das actividades de periodicidade regular e temática directamente vencellada coa perspectiva de xénero. Algunhas xa figuraban nas táboas anteriores por seren operacións consolidadas.

Código	Nome operación	Consolidadas PGE 2007-2011	2007		2008		2009		2010		2011	
			Estado	Execución	Estado	Execución	Estado	Execución	Estado	Execución	Estado	Execución
22102	Explotación do rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo	Non	curso	90	curso	100	curso	100	curso	100	curso	100
24104	EPA. Módulo de conciliación da vida persoal e laboral	non procede	-	-	-	-	-	-	cumprimento	100	cumprimento	100
25103	Explotación dos rexistros de centros de igualdade e do benestar	Non	curso	100	curso	100	curso	45	reestruturación	0	reestruturación	50
25105	ECV. Poboación dependente	non procede	-	-	-	-	-	-	-	-	curso	100
25404	Estatística de violencia de xénero	Si	proxecto	100	curso	100	curso	100	curso	100	curso	100
25502	Indicadores de xénero	Si	proxecto	70	implantación	100	reestruturación	30	reestruturación	50	curso	100
25504	Indicadores de cohesión social	Si	-	-	-	-	proxecto	100	implantación	100	curso	100
Código	Nome actividade	Consolidadas PGE 2007-2011	Grao de execución									
			2007	2008	2009	2010	2011					
AE408	A realidade da muller galega	Si	-	100	95	100	100					

Cómpre mencionar tamén a realización no período de vixencia do plan de dúas actividades esporádicas de interese na materia:

- Explotación da enquisa nacional de saúde
- Enquisa de demandantes de emprego

Detalle das operacións estatísticas susceptibles de difundir por sexo

21101 Indicadores demográficos

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 90%

21201 Proxeccións de poboación a curto prazo

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

22103 Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Non se difunde por sexo: aproximación porcentual: 0%

22301 Enquisa de cobertura vacinal

Non se recolle no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 0%

Non se difunde por sexo: aproximación porcentual: 0%

22402 Explotación do rexistro galego da SIDA

Non se recolle no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 0%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

22403 Explotación do rexistro galego de tuberculose

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 30%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 30%

22502 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas

Non se recolle no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 0%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 30%

23101 Estatística do ensino non universitario en Galicia

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 50%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 50%

23201 Datos estatísticos do sistema universitario de Galicia

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

23302 Inserción laboral dos titulados de formación profesional

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 75%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 30%

24102 Sinistralidade laboral

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

24410 Persoal ao servizo da administración autonómica

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 95%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 95%

24411 Enquisa de poboación activa en Galicia

Non se recolle no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 20%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

No proxecto-metodoloxía emprégase a variable para reponderar

25101 Explotación do censo de persoas con minusvalía

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 80%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 80%

25201 Estatística de protección de menores

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 20%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 80%

25203 Enquisa de condicións de vida. Módulo xeral

Non se recolle no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 20%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 75%

No proxecto emprégase a variable para reponderar

25301 Estatística sobre beneficiarios da RISGA e das axudas de emerxencia social

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

25404 Estatística de violencia de xénero

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

25502 Indicadores de xénero

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

25504 Indicadores de cohesión social

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

37102 Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León e Zamora

Recóllese no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 100%

Non se difunde por sexo: aproximación porcentual: 0%

41101 Sistema de indicadores da sociedade da información

Non se recolle no PT a difusión por sexo: aproximación porcentual: 0%

Non se difunde por sexo: aproximación porcentual: 0%

Anexo 2. Detalle de satisfacción das metas

Unha meta considérase tratada cando se programan operacións (OE) ou outro tipo de actividades (AE) que poden ofrecer información das materias que recolle. A diferenza entre OE e AE introduce unha dimensión técnica que complementa á temática, posto que nas primeiras a organización estatística proporciona información nova ou engádelle valor á existente, mediante sínteses, indicadores, etc. Ademais, dentro das operacións débese valorar o estado de programación (en proxecto, implantación, curso, reestruturación...), que nos dá unha medida do desenvolvemento da estatística e, polo tanto, da dispoñibilidade real de datos.

A satisfacción de cada meta analízase por tanto tendo en conta as dimensións temática e técnica. No primeiro caso trátase de comprobar se o sistema estatístico foi quen de ofertar información relacionada coa meta e no segundo se se chegou a programar algunha operación con proxecto técnico apuntando a ela. O resultado desta análise será a clasificación de cada meta nas categorías de **meta insatisfeita**, **meta debilmente satisfeita** e **meta satisfeita**, e isto desde os puntos de vista técnico e temático.

Para achegarmos resultados globais do plan compróbase como se trataron as metas nos seus cinco programas. Utilízanse entón as categorías temáticas de **meta sen información**, **meta con información parcial** e **meta con información total**, e as técnicas de **meta sen operacións**, **meta só con operacións novas** e **meta con operacións correntes**.

De seguido detállanse os resultados da avaliación das 70 metas do PGE 2012-2016. Entre eles figura a categoría de **meta fortemente satisfeita** para referirmos á cuberta con operacións ou actividades consolidadas.

1 Territorio, recursos naturais e medio ambiente

1.1 Territorio e recursos naturais

1.1.1 Territorio e oferta e demanda de solo

Plan 2007-2011 Técnica: debilmente satisfeita

Tema: insatisfeita

Programas anuais

2007	sen OE	sen información
2008	só con OE novas	sen información
2009	só con OE novas	sen información
2010	sen OE	sen información
2011	sen OE	sen información

Meta debilmente satisfeita na dimensión técnica porque o proxecto da operación 11101 Estado de planeamento urbanístico dos concellos foi aprobado polo CGE no 2011. No PEA 2012 a operación figura en fase de implantación.

1.1.2 Infraestruturas. Estradas e portos

Plan 2007-2011 Técnica: satisfeita

Tema: debilmente satisfeita

Programas anuais

2007	só con OE novas	con información parcial
2008	con OE correntes	con información parcial
2009	con OE correntes	con información parcial
2010	con OE correntes	con información parcial
2011	con OE correntes	con información parcial

Meta fortemente satisfeita na dimensión técnica.

1.1.3 Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións. Montes veciñais e comunidades de montes

Plan 2007-2011 **Técnica:** satisfeita

Tema: debilmente satisfeita

Programas anuais

2007	con OE correntes	con información parcial
2008	con OE correntes	con información parcial
2009	con OE correntes	con información parcial
2010	con OE correntes	con información parcial
2011	con OE correntes	con información parcial

1.1.4 Incendios forestais

41205	ECV. Novas tecnoloxías	non incluída	en curso	en curso	non incluída	non incluída	non
42101	Sistema de indicadores da I+D+i	en reestrut.	en reestrut.	en reestrut.	en reestrut.	non incluída	non
42102	Situación da certificación en Galicia	en proxecto	en curso	en curso	en curso	en curso	si
42201	Financiamento da I+D no sistema universitario galego	en proxecto	en curso	en reestrut.	en reestrut.	non incluída	non
42202	I+D no sistema sanitario galego	en proxecto	en proxecto	en implant.	en implant.	en implant.	non
42203	Persoal dedicado á I+D no sistema universitario galego	en proxecto	en curso	en reestrut.	en reestrut.	non incluída	non
42204	Producción científica do sistema universitario galego	en proxecto	en proxecto	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE101	Marco input-output. Enquisa da pesca	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE102	Marco input-output. Enquisa sobre a estrutura produtiva galega	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE103	Enquisa de comercio interior	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE105	Utilización de medios de produción na explotación agraria	en curso	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE106	Contas económicas anuais. Estudo sobre empresas multilocalizadas	non incluída	incluída	incluída	non incluída	non incluída	non
AE108	EPA. Módulo sobre transición da escola ao traballo	non incluída	non incluída	incluída	incluída	incluída	non
AE201	Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE202	Banco de series de conxuntura	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE203	Atlas estatístico comarcal	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE204	Portal estatístico para o mundo educativo	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE205	Banco de datos territorial	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE206	Estudo sobre salarios	non incluída	non incluída	incluída	non incluída	non incluída	si
AE207	Seguimento e análise da construción	non incluída	non incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE209	Informe das variacións do índice de prezos de consumo	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE210	Observatorio da economía galega	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	non
AE211	Accesibilidade á vivenda	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE215	Observatorio fiscal	incluída	incluída	incluída	non incluída	non incluída	non
AE217	Atlas municipal de Galicia	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE218	Indicadores do mercado laboral	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE219	Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE220	Explotación do catálogo de servizos públicos de atención ao cidadán	incluída	incluída	incluída	non incluída	non incluída	non
AE221	Mapas dos servizos de Galicia e os seus concellos (GALIMAP)	incluída	incluída	incluída	non incluída	non incluída	non
AE222	Xanela demográfica	non incluída	incluída	incluída	non incluída	non incluída	non
AE223	Indicadores sociais	en curso	en reestrut.	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE224	Análise sobre os intercambios comerciais entre Galicia e o resto de España	non incluída	non incluída	incluída	incluída	non incluída	non
AE225	Asistencia xurídica gratuita	en reestrut.	en reestrut.	incluída	incluída	incluída	si
AE226	Indicadores ambientais	en proxecto	en proxecto	incluída	incluída	incluída	si
AE227	Negociación colectiva	en proxecto	en proxecto	incluída	incluída	incluída	si
AE228	A enerxía en Galicia	non incluída	non incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE229	Indicadores de contexto do Plan Estratégico	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	incluída	si
AE301	Explotación do movemento natural da poboación	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE302	Explotación dos movementos migratorios	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE303	Explotación da enquisa de poboación activa	incluída	incluída	incluída	non incluída	non incluída	non
AE304	Explotación das afiliacións á Seguridade Social	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE305	Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE306	Pensións e outras prestacións	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si

PGE 2007-2011. Operacións e outras actividades estatísticas programadas (continuación)

Código	Nome	PEA 2007	PEA 2008	PEA 2009	PEA 2010	PEA 2011	Consolidada
AE307	Explotación do índice de produción industrial	non incluída	non incluída	non incluída	incluída	incluída	si
AE401	Anuario de estatística agraria	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE402	Anuario de pesca	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE403	Galicia en cifras. Anuario	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE404	Datos estatísticos básicos de Galicia	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE405	Tendencias do emprego	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE406	Anuario de estatísticas sociolaborais	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE407	Panorama demográfico de Galicia	incluída	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE408	A realidade da muller galega	non incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE408	A realidade da muller galega	non incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE409	Galicia aberta: a emigración en cifras	non incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE501	Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil	incluída	incluída	non incluída	incluída	incluída	si
AE502	Estudo sobre a poboación dependente	incluída	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE503	Análise do Marco input-output	non incluída	non incluída	non incluída	incluída	non incluída	si
AE601	Censo de poboación e vivendas	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE602	Explotación da enquisa da estrutura das explotacións agrarias	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE604	Explotación da enquisa nacional de saúde	non incluída	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE701	Investigación e desenvolvemento sobre métodos de corrección de datos	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE702	Software para a recollida de información mediante PDA	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE703	Desenvolvemento de aplicacións web de retorno aos informantes	non incluída	non incluída	incluída	incluída	non incluída	non
AE704	Investigación e desenvolvemento métodos estimación áreas pequenas	incluída	incluída	incluída	incluída	incluída	si
AE705	Estudo sobre indicadores de innovación empresarial	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE705	Estudo sobre indicadores de innovación empresarial	incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non incluída	non
AE706	Investigación e desenvolvemento de métodos de estimación da varianza	non incluída	non incluída	incluída	non incluída	non incluída	non
AE707	Investigación métodos estimación e predición agregados macroeconómicos	non incluída	non incluída	incluída	incluída	incluída	non
AE801	Traducións ao galego de nomenclaturas e clasificacións	incluída	incluída	non incluída	incluída	incluída	si
AE802	Vocabulario estatístico	non incluída	non incluída	incluída	non incluída	non incluída	si

Anexo 4

Lei 16/2006, do 27 de decembro, do PGE 2007-2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de autonomía de Galicia dispón no seu artigo 27, número 6, que á Comunidade Autónoma galega lle corresponde a competencia exclusiva da “estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega”.

En aplicación deste artigo o Parlamento aprobou a Lei 9/1988, de estatística de Galicia, na que se regula a actividade estatística da Comunidade Autónoma, modificada pola Lei 7/1993 e pola Lei 10/2001. Nesta normativa establécese que o Plan galego de estatística é o instrumento da ordenación e planificación desta actividade, mediante a progresiva constitución do sistema estatístico, entendendo por tal o conxunto ordenado e integrado de métodos, procedementos e resultados dos seus diferentes axentes institucionais.

Ata o momento, o Parlamento de Galicia aprobou dous plans, correspondentes aos períodos 1998-2001 e 2002-2006, que fixaban unha serie de obxectivos, xerais e específicos, que se concretaron nos programas estatísticos anuais.

Esgotado o segundo Plan de estatística, procede a aprobación dun novo mediante esta lei, que, a través dun sistema de planificación por obxectivos, pretende a creación, organización e difusión do coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns en xeral. Para a consecución deste fin, establécese obxectivos xerais de tres tipos: informativos, organizativos e instrumentais.

Os primeiros concrétnanse a través de metas estatísticas que pretenden dar resposta ás necesidades da sociedade galega desta información. Con elas búscase dotar de flexibilidade ao plan, para se adaptar a unha realidade tan cambiante como a actual, así como para ofrecer solucións axeitadas aos escenarios que poidan xurdir da reflexión que se está a producir sobre o sistema estatístico no conxunto do Estado e sobre a súa articulación co europeo.

A finalidade dos segundos é contribuír á estruturación e ao desenvolvemento da organización estatística de Galicia, potenciando a coordinación e colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais relacionadas coa estatística.

Por último, os obxectivos instrumentais procurarán asegurar a calidade e conexión do sistema estatístico cos usuarios.

A actividade que se realice en desenvolvemento deste plan axustarase aos principios e garantías de interese público, obxectividade e corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico e difusión dos resultados, establecidos no capítulo III da Lei de estatística de Galicia, así como ás recomendacións do Código de boas prácticas das estatísticas europeas, adoptado o 24 de febreiro de 2005 polo Comité do Programa Estatístico da Comisión Europea.

Así mesmo, debe prover información para que os cidadáns poidan exercer os seus dereitos, orientar a creación de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma de decisións.

Esta lei estrutúrase en tres capítulos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, catro disposicións derradeiras e tres anexos. Nos capítulos I e II recóllense as disposicións xerais e os obxectivos do plan respectivamente, mentres que o capítulo III regula a estrutura e o desenvolvemento deste. Nos anexos figuran a estrutura temática do plan, a relación de metas de información estatística nas que se desenvolven os obxectivos específicos por acadar e, por último, un conxunto de definicións.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.21 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei do Plan galego de estatística 2007-2011.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Ordenación e planificación.

O obxecto desta lei é a regulación do Plan galego de estatística 2007-2011, instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Colaboración institucional.

O Plan galego de estatística 2007-2011 constitúe o marco da colaboración institucional entre as distintas entidades que forman parte da organización estatística de Galicia e destas con outras entidades públicas locais, autonómicas ou estatais, así como europeas ou internacionais.

Artigo 3. Período de aplicación.

1. O Plan galego de estatística 2007-2011 formula os seus obxectivos para o período de tempo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2011. Non obstante, quedará prorrogado ata a entrada en vigor do seguinte, no suposto de non se aprobar un novo plan ao seu vencemento.

2. Para o desenvolvemento deste plan, o Consello da Xunta aprobará programas estatísticos anuais.

Artigo 4. Metas de información e operacións estatísticas.

O plan inclúe as metas relacionadas no anexo II, que constitúen obxectivos específicos de información. Estas metas serán satisfeitas mediante as operacións dos programas e outras actividades estatísticas. A definición destes dous conceptos figura no anexo III.

Artigo 5. Execución.

1. A Xunta de Galicia, os seus organismos e mais as entidades públicas territoriais e non territoriais galegas elaborarán as operacións encomendadas nos programas anuais e as outras actividades estatísticas que desenvolvan as metas de información, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante a formalización de acordos, convenios ou contratos. Todos eles quedarán obrigados ao cumprimento do segredo estatístico, aínda despois de concluíren os devanditos acordos, convenios ou contratos.

2. O Instituto Galego de Estatística será, con carácter xeral, o órgano responsable daquelas operacións cuxo ámbito de investigación implique simultaneamente varios sectores económicos ou ámbitos sociais. As operacións de carácter sectorial serán executadas

preferentemente polos departamentos, organismos ou entidades públicas competentes na materia.

CAPÍTULO II

OBXECTIVOS DO PLAN ESTATÍSTICO

Artigo 6. Obxectivo central.

O obxectivo central do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns en xeral, axeitándose aos criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico.

Artigo 7. Obxectivos informativos.

Estes obxectivos diríxense a dar resposta a campos de coñecemento para o desenvolvemento e o benestar, contribuíndo en concreto a:

- a) Mellorar e sintetizar a información relativa ao territorio, aos recursos naturais e ao medio ambiente.
- b) Afondar no coñecemento da realidade demográfica de Galicia e da súa evolución futura.
- c) Analizar distintos ámbitos sociais en canto a nivel, calidade, condicións de vida, accesibilidade á vivenda, saúde, educación e cultura.
- d) Progresar no coñecemento do mercado de traballo e das súas tendencias.
- e) Consolidar o coñecemento da estrutura produtiva: evolución, compoñentes básicos e relacións con outras economías.
- f) Ampliar o coñecemento dos sectores produtivos de mercado máis relevantes.
- g) Mellorar a información sobre a actividade realizada polas administracións públicas e o sector non lucrativo.
- h) Avanzar no coñecemento das relacións comerciais con outros mercados e a posición competitiva, así como as súas expectativas.
- i) Contribuír ao coñecemento da dinámica económica, financeira e estratéxica que seguen as actividades empresariais, afondando na situación competitiva da empresa.
- j) Consolidar e ampliar a información relativa a ciencia e tecnoloxía, en particular sobre investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- k) Progresar no desenvolvemento de indicadores da inserción dos cidadáns, axentes sociais e empresas na sociedade da información.
- l) Avanzar ata a consideración de xénero como unha parte integrante da actividade estatística. Neste senso, as operacións nas que se contemplan datos sobre persoas deberán de recollerse e difundirse por sexo.
- m) Avanzar na desagregación territorial da produción de información estatística, especialmente para operacións a partir de datos administrativos, atendendo criterios de custo-beneficio e a dispoñibilidade técnica e económica.

Artigo 8. Obxectivos organizativos.

1. Estes obxectivos diríxense a conseguir un uso máis racional dos recursos e das informacións dispoñibles polas distintas administracións públicas, e son os seguintes:

a) Consolidar a organización estatística de Galicia, para garantir o dereito de acceso dos cidadáns á información subministrada por esta, o rigor e a corrección técnica das operacións realizadas, a difusión dos resultados, o segredo estatístico e mais a seguridade no almacenamento e na transmisión desta información.

b) Potenciar a colaboración cos axentes locais e cos diferentes órganos, entidades e institucións nacionais ou internacionais relacionadas coa estatística, coa finalidade de impulsar, intercambiar e aplicar coñecementos e prácticas, e, especificamente, as relativas á estatística elaborada en e para Galicia.

c) Fomentar un uso máis eficiente dos rexistros das distintas administracións públicas.

2. No ámbito das súas competencias e se o considera de interese para o cumprimento dos obxectivos deste plan, o Instituto Galego de Estatística poderá solicitar a colaboración do Instituto Nacional de Estatística e doutras entidades e organizacións autonómicas, estatais, europeas ou internacionais. Farase especial énfase na cooperación transfronteiriza en materia estatística coa rexión norte de Portugal.

Artigo 9. Obxectivos instrumentais.

Os obxectivos instrumentais diríxense a desenvolver aquelas actividades necesarias para asegurar a calidade e conexión do sistema estatístico cos usuarios, e son os seguintes:

a) Responder aos intereses lexítimos dos axentes deseñando a actividade estatística consonte as súas necesidades, ofrecendo retornos de valor e minimizando as molestias aos informantes.

b) Difundir as operacións en curso dos programas, de acordo cun calendario prefixado, para reforzar a transparencia e puntualidade das estatísticas.

c) Divulgar axeitadamente a información estatística de carácter oficial que teña como referencia Galicia.

d) Sensibilizar á sociedade galega mediante servizos e actividades que potencien o coñecemento a través da estatística.

e) Impulsar a investigación estatística, tanto en aspectos metodolóxicos e históricos como noutros temas de interese para a Comunidade Autónoma, que contribúa a mellorar o coñecemento da súa realidade demográfica, social, económica e ambiental.

f) Promover a normalización, homoxeneidade e posibilidade de comparación da información proporcionada polo sistema estatístico de Galicia respecto do estatal e do europeo.

g) Consolidar a estruturación informática integrada do sistema estatístico de Galicia e ampliar o desenvolvemento de sistemas de información.

h) Contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información, proporcionando a oferta estatística como un servizo de administración electrónica.

i) Desenvolver a referenciación territorial da información estatística de Galicia, baseándose nos métodos xeográficos dispoñibles, avanzando na desagregación territorial das operacións realizadas.

j) Consolidar os directorios de unidades estatísticas.

CAPÍTULO III

ESTRUTURA E DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESTATÍSTICO

Artigo 10. Estrutura do plan.

As metas de información estatística estrutúranse nas áreas e seccións temáticas recollidas no anexo I.

Artigo 11. Definición dos programas anuais.

1. O Plan galego de estatística 2007-2011 desenvólvese mediante os programas anuais, que incorporarán unha relación das operacións estatísticas dirixidas a acadar as metas de información, así como o seu estado. Así mesmo, poderán incluír outras actividades estatísticas vinculadas aos obxectivos do plan.

2. No programa determinarase para cada operación en curso o seguinte:

- a) As metas de información.
- b) Os obxectivos concretos.
- c) Os ámbitos de investigación.
- d) A periodicidade.
- e) O organismo ou organismos responsables da súa execución.
- f) O orzamento estimado.
- g) De ser o caso, as persoas ou entidades obrigadas á subministración de información, así como a forma e os prazos nos que se debe subministrar esta.
- h) A forma e os prazos de difusión.

Artigo 12. Proxecto técnico.

1. As operacións que se inclúan nos programas, agás as que se incorporen en proxecto ou en reestruturación, dispoñerán do seu correspondente proxecto técnico, que terá carácter público.

2. Os proxectos técnicos sistematizarán os procedementos de execución de cada operación, debendo o Instituto Galego de Estatística de emitir informe sobre eles, no caso de que aquela non sexa da súa responsabilidade. Para a inclusión destes proxectos nos programas anuais, o citado informe deberá ser favorable.

3. O Instituto Galego de Estatística, de acordo cos seus recursos, prestará asistencia na redacción dos proxectos das operacións do resto dos axentes do sistema.

4. Coa finalidade de construír un sistema integrado de contas económicas, o Instituto Galego de Estatística deberá participar na elaboración e execución de todos os proxectos técnicos relativos ás operacións de síntese desta clase.

5. Os proxectos técnicos someteranse á consideración do Consello Galego de Estatística.

Artigo 13. Aprobación e vixencia dos programas estatísticos anuais.

1. O proxecto de cada un dos programas estatísticos anuais será elaborado polo Instituto Galego de Estatística, logo do informe do Consello Galego de Estatística.
2. Correspóndelle ao Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, aprobar por decreto os programas anuais.
3. A vixencia de cada programa anual coincidirá co ano natural, sen prexuízo da súa prórroga, respecto das operacións que pola súa natureza sexa necesario continuar.
4. Do contido do programa anual daráselle conta ao Parlamento de Galicia mediante unha comparecencia específica, que se realizará no último trimestre do ano anterior ao de referencia do correspondente programa anual.

Artigo 14. Seguimento e avaliación dos programas anuais.

1. O Instituto Galego de Estatística realizará un informe de seguimento de cada programa anual para a súa consideración polo Consello Galego de Estatística. Deste informe daráselle conta ao Parlamento de Galicia.
2. Así mesmo, elaborará un informe de avaliación do Plan galego de estatística 2007-2011 unha vez finalizado, que someterá á consideración do Consello Galego de Estatística e poñerá en coñecemento do Parlamento de Galicia, por medio dunha comparecencia específica.

Artigo 15. Operacións estatísticas oficiais e aprobación de resultados.

1. As operacións incluídas nos programas anuais con proxecto técnico consideraranse oficiais tras a publicación dos seus resultados.
2. Os resultados das operacións oficiais que sexan de aplicación obrigatoria ás relacións e situacións xurídicas nas que a Comunidade Autónoma teña competencia para impoñelos deberán ser obxecto de aprobación expresa de acordo co seguinte procedemento:
 - 2.1. As propostas de aprobación deben ser presentadas previamente polos organismos responsables no Instituto Galego de Estatística, que emitirá un informe preceptivo sobre o cumprimento das normas estatísticas que sexan aplicables.
 - 2.2. Para a elaboración deste informe o Instituto Galego de Estatística poderá requirir toda a información que considere necesaria do organismo ou da entidade pública responsable da operación.
 - 2.3. Se o informe é favorable, o Instituto Galego de Estatística aprobará con carácter provisional os resultados, dos que se informará ao Consello Galego de Estatística e ao Consello da Xunta. Se transcorrido o prazo de tres meses non se reciben obxeccións expresas, quedarán aprobados definitivamente e serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 16. Outras actividades estatísticas.

O Instituto Galego de Estatística poderá solicitarlles información á Xunta de Galicia, aos seus organismos e ás entidades públicas territoriais e non territoriais galegas sobre outras actividades e recursos de interese estatístico, coa finalidade de contribuír a un maior coñecemento desta información e proceder ao seu inventario, de ser o caso.

Artigo 17. Datos de orixe administrativa.

Cando sexa necesario, os organismos responsables poderán acceder aos recursos e fontes de carácter administrativo, para levar a cabo as operacións contempladas nos programas anuais.

Artigo 18. Cesión da información estatística.

A información sometida ao segredo estatístico nos termos que establece a Lei de estatística de Galicia só poderá cedérselle para a elaboración dunha operación incorporada nos programas anuais á unidade responsable da súa realización sempre que forme parte da organización estatística de Galicia.

Artigo 19. Convenios e acordos en materia estatística.

1. O Instituto Galego de Estatística deberá ser informado con carácter previo de todos os convenios e acordos que, en materia estatística, formalice calquera órgano da Administración autonómica.

2. As actividades estatísticas derivadas de convenios ou acordos que formalice a Administración autonómica quedarán amparadas por esta lei e incluíranse nos programas anuais, logo do informe favorable do Instituto Galego de Estatística.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

A designación dos órganos estatísticos sectoriais prevista na disposición derradeira primeira desta lei levarase a cabo nun período máximo de dous anos desde a súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Transcorrida a vixencia de dous programas deste plan, para a súa inclusión en programas posteriores, as operacións deberán dispoñer do seu correspondente proxecto técnico sobre o que emitira informe o Instituto Galego de Estatística, agás as que se incorporen aos programas en proxecto ou en reestruturación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei e, expresamente, a Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

Un. Modifícanse as letras b) e c) do artigo 24 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que quedan redactadas da seguinte forma:

“b) Non quedarán amparados polo segredo estatístico os datos que sexan de coñecemento público notorio.

c) Non quedarán amparados polo segredo estatístico os datos dos rexistros administrativos propios que non fosen achegados polos interesados como información estatística. Os ditos datos, non obstante, gozan da confidencialidade e dos criterios de difusión que lles correspondan segundo a normativa específica que lles sexa de aplicación.”

Dous. Modifícase o artigo 29 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 29

1. A publicación ou difusión dos datos estatísticos farase sen referencias de carácter individual, de acordo coas normas reguladoras do segredo estatístico.

2. As estatísticas comprendidas no PGE
serán obxecto de difusión pública.”

Tres. Modifícase o apartado 1 do artigo 30 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:

“1. Calquera persoa pode demandar unha certificación sobre os resultados estatísticos globalizados publicados, que lle será enviada por escrito, en soporte informático ou por calquera outro medio, segundo as características da solicitude.”

Catro. Modifícase o apartado 1 do artigo 35 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:

“1. Serán aplicables as seguintes sancións:

- a) As infraccións leves sancionaranse con multa de 100 a 500 euros.
- b) As infraccións graves sancionaranse con multa de 501 a 2.500 euros.
- c) As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 2.501 a 10.000 euros.”

Cinco. Modifícase o artigo 44 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 44

Órganos estatísticos sectoriais

1. Co obxecto de promover o desenvolvemento da actividade estatística na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o aproveitamento das potencialidades estatísticas existentes, designaranse órganos estatísticos nos departamentos da Xunta de Galicia e, se é o caso, nos organismos e entes públicos dependentes dela, que deberán coordinar a súa actividade co Instituto Galego de Estatística.

2. A designación e a regulación destes órganos determinaranse regulamentariamente.

3. Os órganos estatísticos sectoriais terán, no desenvolvemento das súas actividades, as seguintes funcións:

- a) Elaboración e difusión de estatísticas propias da consellaría e dos organismos e entes públicos correspondentes.
- b) Elaboración das estatísticas ou fases delas que lles encomenden o Plan galego de estatística e os seus programas estatísticos.
- c) Colaboración co Instituto Galego de Estatística na elaboración do anteproxecto do Plan galego de estatística e dos proxectos dos seus programas anuais.
- d) Colaboración co Instituto Galego de Estatística no deseño e na confección dos ficheiros-directorios que utilizarán os órganos e entes da Administración autonómica de Galicia.
- e) Análise das necesidades estatísticas da consellaría e dos organismos e entes públicos correspondentes.

4. Carácter do persoal estatístico.

O persoal que preste os seus servizos en calquera dos órganos ou entes do sistema estatístico de Galicia e que realice actividade estatística obterá o carácter de persoal estatístico, con independencia do seu nivel e da relación xurídica da que deriven aqueles, sempre que se cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan.”

Seis. Modifícase o apartado 1 do artigo 47 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:

“1. O Consello Galego de Estatística estará composto polos seguintes membros:

- a) O presidente, que será o conselleiro de Economía e Facenda.
- b) O vicepresidente, que será o director do Instituto Galego de Estatística.
- c) Un representante por cada un dos departamentos da Xunta de Galicia (Presidencia, Vicepresidencia, consellerías).
- d) Dous representantes do Consello das Cámaras de Comercio Galegas.
- e) Dous representantes das asociacións de empresarios.
- f) Un representante de cada unha das organizacións sindicais máis representativas.
- g) Tres representantes das organizacións profesionais de agricultores.
- h) Dous representantes das organizacións de mariñeiros.
- i) Dous representantes das organizacións de consumidores e usuarios.
- j) Dous representantes da Administración local.
- k) Un representante por cada unha das universidades de Galicia.
- l) Tres persoas de relevancia profesional no campo da estatística.
- m) Os subdirectores e mais o secretario técnico do Instituto Galego de Estatística, de acordo coa súa estrutura orgánica, con voz e sen voto.
- n) Un funcionario do Instituto Galego de Estatística, que desempeñará o cargo de secretario do consello, con voz e sen voto.”

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

Un. Modifícase o punto 1.1 do artigo 1 da Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 1.1.1. Para o acceso á dita escala será necesario estar en posesión ou en condicións de obter o título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.”

Dous. Modifícase o punto 1.1 do artigo 2 da Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 2.1.1. Para o acceso á dita escala será necesario estar en posesión ou en condicións de obter o título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, formación profesional de terceiro grao ou equivalente.”

DISPOSICIÓN DERRADEIRA TERCEIRA

Autorízase o Consello da Xunta para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA CUARTA

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2007 ou o seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO I

ESTRUTURA TEMÁTICA

Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente.

Sección 1.1 Territorio e recursos naturais

Sección 1.2 Medio ambiente

Área 2. Poboación e condicións sociais.

Sección 2.1 Poboación

Sección 2.2 Sanidade

Sección 2.3 Educación e capital humano

Sección 2.4 Mundo laboral

Sección 2.5 Benestar, emprego do tempo e participación social

Sección 2.6 Cultura e lecer

Sección 2.7 Vivenda

Área 3. Estrutura produtiva.

Sección 3.1 Sector agrario

Sección 3.2 Pesca e acuicultura

Sección 3.3 Enerxía e industria

Sección 3.4 Construción

Sección 3.5 Servizos de mercado

Sección 3.6 Administración pública e outros servizos non de mercado

Sección 3.7 Mercados e prezos

Sección 3.8 Actividade empresarial

Sección 3.9 Sistema de contas

Área 4. Sociedade da información, ciencia e tecnoloxía.

Sección 4.1 Sociedade da información

Sección 4.2 Ciencia e tecnoloxía

ANEXO II

METAS DE INFORMACIÓN ESTATÍSTICA

Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente.

Sección 1.1 Territorio e recursos naturais

Obxectivo xeral: Dispoñer de información e avanzar na elaboración de indicadores relativos ao territorio, infraestruturas e recursos naturais.

Metas de información:

- 1.1.1 Territorio e oferta e demanda de solo
- 1.1.2 Infraestruturas. Estradas e portos
- 1.1.3 Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións. Montes veciñais e comunidades de montes
- 1.1.4 Incendios forestais
- 1.1.5 Recursos naturais e biodiversidade

Sección 1.2 Medio ambiente

Obxectivo xeral: Dispoñer de información e avanzar na elaboración de indicadores relativos ao medio ambiente.

Metas de información:

- 1.2.1 Ambiente atmosférico. Climatoloxía e calidade do aire
- 1.2.2 Reservas, calidade, depuración e usos das augas
- 1.2.3 Resíduos urbanos e industriais
- 1.2.4 Infraccións e impacto ambiental
- 1.2.5 Indicadores ambientais

Área 2. Poboación e condicións sociais.

Sección 2.1 Poboación

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da realidade demográfica, a súa evolución futura e a súa distribución territorial.

Metas de información:

- 2.1.1 Poboación e movementos migratorios
- 2.1.2 Proxeccións demográficas. Poboación e fogares

Sección 2.2 Sanidade

Obxectivo xeral: Progresar no coñecemento dos recursos sanitarios e dos aspectos que condicionan a saúde da poboación.

Metas de información:

- 2.2.1 Atención primaria e procesos hospitalarios. Listas de agarda
- 2.2.2 Prestación farmacéutica
- 2.2.3 Estado xeral da saúde da poboación, en particular cobertura vacinal e condutas de risco
- 2.2.4 Morbilidade e o seu impacto sobre o mercado laboral
- 2.2.5 Mortalidade por causas
- 2.2.6 Consumo de drogas e asistencia a persoas drogodependentes

Sección 2.3 Educación e capital humano

Obxectivo xeral: Dispoñer da información básica sobre educación e formación, con especial incidencia na orientada á análise do fracaso escolar.

Metas de información:

- 2.3.1 Ensino preobligatorio, obrigatorio e postobligatorio non universitario
- 2.3.2 Ensino universitario, coa inclusión do acceso e da oferta e demanda de titulacións

2.3.3 Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral

2.3.4 Formación non regrada, coa inclusión da realizada no seo das empresas

Sección 2.4 Mundo laboral

Obxectivo xeral: Progresar no coñecemento do mercado de traballo e da súa evolución.

Metas de información:

2.4.1 Sinistralidade e outras condicións de traballo. Accións preventivas

2.4.2 Concertación laboral, onde se inclúen conciliacións, negociación colectiva e eleccións sindicais

2.4.3 Conflitividade laboral, onde se inclúen infraccións, sancións, folgas, peches patronais e regulación de emprego

2.4.4 Actividade, ocupación e desemprego, con especial atención á caracterización deste último

Sección 2.5 Benestar, emprego do tempo e participación social

Obxectivo xeral: Avanzar no estudo da calidade de vida, da igualdade, da violencia de xénero e da cohesión social.

Metas de información:

2.5.1 Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais

2.5.2 Vida familiar e a súa conciliación co traballo, emprego do tempo e mobilidade

2.5.3 Pobreza e exclusión social

2.5.4 Xustiza, seguridade e participación cidadá

2.5.5 Indicadores sociais

Sección 2.6 Cultura e lecer

Obxectivo xeral: Avanzar no coñecemento dos recursos e dos hábitos e prácticas culturais, deportivas e lingüísticas.

Metas de información:

2.6.1 Equipamentos e recursos culturais, deportivos e para o lecer

2.6.2 Produción e oferta cultural

2.6.3 Hábitos e prácticas culturais, deportivas e do lecer

2.6.4 Prácticas lingüísticas

Sección 2.7 Vivenda

Obxectivo xeral: Dispoñer de información básica sobre equipamento e condicións de acceso.

Metas de información:

2.7.1 Equipamento e características

2.7.2 Demanda e gasto. Vivendas protexidas e prezos da vivenda

Área 3. Estrutura produtiva.

Sección 3.1 Sector agrario

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da estrutura e da actividade dos subsectores agrícola, gandeiro e forestal.

Metas de información:

- 3.1.1 Infraestrutura e efectivos agrarios. Capital e terra: facendas gandeiras, maquinaria e superficies agrícolas
- 3.1.2 Características técnico-económicas das explotacións agrícolas
- 3.1.3 Características técnico-económicas das explotacións gandeiras
- 3.1.4 Producións e rendementos vexetais
- 3.1.5 Producións e rendementos animais: sacrificio de gando e produción de leite
- 3.1.6 Produción ecolóxica e de calidade

Sección 3.2 Pesca e acuicultura

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da estrutura e das actividades do sector.

Metas de información:

- 3.2.1 Infraestrutura e recursos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas
- 3.2.2 Producións e características económicas das unidades de produción. Primeira venda de produtos pesqueiros

Sección 3.3 Enerxía e industria

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da estrutura e da actividade industrial.

Metas de información:

- 3.3.1 Produción, distribución e consumo de enerxía
- 3.3.2 Caracterización do subsector mineiro
- 3.3.3 Estrutura e dinámica na industria manufactureira, incluíndo a agroindustria

Sección 3.4 Construción

Obxectivo xeral: Dispoñer de información básica sobre a actividade da construción.

Metas de información: 3.4.1 Construción. Rehabilitación e recuperación do patrimonio construído

Sección 3.5 Servizos de mercado

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da estrutura e da actividade dos servizos de mercado

Metas de información:

- 3.5.1 Comercio interior e transporte de mercadorías e de pasaxeiros
- 3.5.2 Infraestrutura turística e hostaleira. Empresas e actividades turísticas
- 3.5.3 Movemento turístico. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados
- 3.5.4 Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado

Sección 3.6 Administración pública e outros servizos non de mercado

Obxectivo xeral: Avanzar no coñecemento da actividade das administracións públicas e doutros produtores de servizos que non se ofrecen no mercado.

Metas de información:

- 3.6.1 Administración autonómica. Recursos e gasto público en áreas de especial interese, como sanidade, educación, infraestruturas e I+D+i
- 3.6.2 Administración local. Recursos e gasto público. Servizos públicos básicos
- 3.6.3 Administración universitaria. Recursos e gasto público

3.6.4 Seguimento e avaliación de plans de actuación

3.6.5 Institucións sen fins de lucro

Sección 3.7 Mercados e prezos

Obxectivo xeral: Avanzar no coñecemento dos mercados interiores, das relacións comerciais con outros mercados e da posición competitiva.

Metas de información:

3.7.1 Demanda, mercados e axentes. Intercambios comerciais

3.7.2 Prezos e índices de prezos, en particular prezos agrarios e da terra

Sección 3.8 Actividade empresarial

Obxectivo xeral: Contribuír ao coñecemento da dinámica económica, financeira e inclusive estratéxica que seguen as actividades empresariais, aprofundando na situación competitiva da empresa galega.

Metas de información:

3.8.1 Infraestrutura e demografía empresarial. Empresas e unidades locais

3.8.2 Características económico-financeiras do sector empresarial e a súa conxuntura

3.8.3 Economía social. Cooperativas e outras formas asociativas

Sección 3.9 Sistema de contas

Obxectivo xeral: Consolidar o coñecemento da economía galega, a súa evolución, as súas compoñentes e a relación con outras economías do seu contorno.

Metas de información:

3.9.1 Contas económicas anuais e trimestrais

3.9.2 Marco *input-output*

3.9.3 Ampliacións do sistema. Indicadores municipais da renda dos fogares, matriz de contabilidade social e contas satélites

Área 4. Sociedade da información, ciencia e tecnoloxía.

Sección 4.1 Sociedade da información

Obxectivo xeral: Progresar no desenvolvemento de indicadores da inserción dos cidadáns, axentes sociais e empresas galegas na sociedade da información.

Metas de información:

4.1.1 Indicadores da sociedade da información

4.1.2 Sociedade da información nos diversos sectores, en particular nos centros educativos e sanitarios.

Sección 4.2 Ciencia e tecnoloxía

Obxectivo xeral: Consolidar e ampliar a información relativa a ciencia e tecnoloxía, en particular sobre investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

Metas de información:

4.2.1 Indicadores de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación

4.2.2 Ciencia e tecnoloxía nos diversos sectores. Recursos e resultados

ANEXO III

DEFINICIÓNS

Actividades estatísticas

Son os conxuntos de tarefas de compilación, elaboración e ordenación de datos ou outra información cuantificable, ademais da publicación e difusión dos resultados, conforme establece o artigo 2 da Lei de estatística de Galicia. Tamén se consideran como tales as que sexan previas ou complementarias das anteriores que non fosen incluídas dentro delas e legalmente esixibles ou tecnicamente necesarias para poder acadar os requirimentos que establecen as normas estatísticas. Asemade, incluíranse as de innovación, investigación e desenvolvemento técnico, metodolóxico e normalizador no eido estatístico.

Operación estatística

É aquela actividade ou conxunto de actividades estatísticas nas que algunha das administracións públicas galegas participe cando menos nunha fase da súa elaboración, a maiores da de difusión. Deberá ademais estar clasificada dentro dalgún dos puntos seguintes:

- a) Censos.
- b) Enquisas por mostraxe.
- c) Toma directa de datos.
- d) Explotacións estatísticas de directorios ou rexistros administrativos.
- e) De síntese: sistema de indicadores, números índices, contas económicas e proxeccións.

Operación estatística en cumprimento

Operación que se fai no marco de convenios, acordos, decretos de transferencia ou de calquera outro tipo de norma ou vínculo xurídico, e na que o proceso estatístico xa vén regulado por outra administración diferente á da Comunidade Autónoma de Galicia.

Operación estatística en curso

Operación periódica ou irregular con proxecto técnico e que dá lugar a unha serie cronolóxica ou permite a comparanza temporal con outros períodos.

Operación estatística en implantación

Operación que xa dispón de proxecto técnico pero que aínda non se pode considerar que estea en curso.

Operación estatística en proxecto

Operación nova que aínda non dispón de proxecto técnico.

Operación estatística en reestruturación.

Operación que viña estando en curso pero que vai sufrir cambios substanciais no seu proxecto técnico.

Santiago de Compostela, vinte e sete de decembro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño

Presidente

